

MEMORIA ANUAL

CEIP ILLA VERDE 27016728

CURSO 2022/23



Aprobada polo claustro : 29 de xuño de 2023

Aprobada polo consello escolar: 29 de xuño de 2023

Remitida á inspección educativa: 03 de xullo de 2023

SINATURA DO DIRECTOR



DATOS XERAIS DO CENTRO

Tipo de centro **PÚBLICO**
Denominación oficial **CEIP ILLA VERDE**
Código do centro **27016728**
Provincia **LUGO**
Enderezo **Roi Xordo, nº2**
Código Postal **27002**
C.I.F **Q7755166A**

Teléfonos: Dirección -----982 82 81 **43**
Secretaría/Xefatura de Estudos _____ 982 82 81 **44**
Anexo Infantil -----982 82 81 **45**
Fax ----- 982 82 81 **46**
Departamento de Orientación ----- 982 82 81 **47**

Dirección de correo electrónico ceip.illaverde@edu.xunta.es

Páxina Web <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipillaverde/>



ÍNDICE

<u>1- INTRODUCCIÓN</u>	5
<u>2- MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO</u>	5
<u>3- CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS</u>	7
<u>4- ORGANIZACIÓN ESCOLAR</u>	11
<u>5 ORGANOS DE GOBERNO</u>	15
5.1 ÓRGANOS COLEXIADOS	15
5.2 ÓRGANOS UNIPERSOAIS:	15
<u>6.- ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE</u>	16
<u>6.1 EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL</u>	16
1- MEMBROS DA EQUIPA DE EI	16
2- PERIODO DE ADAPTACIÓN	17
3- PASO A EP DO ALUMNADO DE SEXTO DE EI	20
4- PASO A EP DO ALUMNADO DE SEXTO DE EI	20
5- CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS	21
6- METODOLOXÍA	22
7- RECURSOS	23
8- ACTIVIDADES	23
9- PROPOSTAS DE MELLORA	25
MEMORIA DE ALTERNATIVA CURSO 2022-23	26
<u>6.2 EQUIPO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	28
MEMORIA DE TITORÍA 1ºA	30
MEMORIA DE TITORÍA 1ºB	35
MEMORIA DE TITORÍA 2ºA	40
	44
MEMORIA DE TITORÍA 2ºB	45
<u>6.3 EQUIPO DE 2º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA</u>	49
6.3.1 MEMORIA DE TITORÍA 3ºA:	54
6.3.2 MEMORIA DE TITORÍA 3ºB:	56
6.3.3 MEMORIA DE TITORÍA 4ºA:	59
6.3.4 MEMORIA DE TITORÍA 4ºB: MERCEDES FERNÁNDEZ GARCÍA	61



6.4 EQUIPO DE 3º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA	64
MEMORIA DE TITORÍA 5ºA	68
MEMORIA DE TITORÍA 5ºB	70
MEMORIA DE TITORÍA 5ºC	73
MEMORIA DE TITORÍA 6ºA	75
7. EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA	80
8.- EQUIPO DE BIBLIOTECA	82
9- EQUIPO DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES	83
9.1.- ACTIVIDADES REALIZADAS / NON REALIZADAS	83
9.2.- OUTRAS ACTIVIDADES; CHARLAS, VISITAS, CONTACTOS,...	84
10.- PROGRAMAS DE FORMACIÓN	86
11- PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	86
11.1- FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO DO CENTRO - CURSO 2022/23	86
12.- MEMORIA DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN	87
13- RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR	123
14- AVALIACIÓN	124
15- APARTADO ECONÓMICO	124
16- ANEXO I PLAMBE 22/23 - LIÑAS DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA PARA O CURSO 2023/2024	124
17- ANEXO III MEMORIA ANUAL DO EQUIPO DE BIBLIOTECA	126
INTRODUCCIÓN	126
1 GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS	126
2 HORARIO REAL ASIGNADO Á RESPONSABLE E AO EQUIPO DE BIBLIOTECA	129
4.- AVALIACIÓN	130
5.- PREVISIÓNS DE FUTURO	130
18- ANEXO IV RELACIÓN DE LIBROS DE TEXTO 23/24	126

1- INTRODUCCIÓN

A seguir presentase a Memoria final do C.E.I.P. ILLA VERDE, correspondente ao curso escolar 2022-2023. Este documento resume as actividades realizadas, analiza as mesmas e reflicte tamén as conclusións obtidas e os puntos que deben mellorarse para posteriores cursos especialmente despois dun curso tan convulso como foi o actual.

Séguese os apartados desenvolvidos na Programación Xeral Anual, e reflíctense aspectos tales coma: datos da organización pedagóxica e o nivel de consecución dos obxectivos marcados, actividades previstas e a súa realización, ou non realización e as posibles necesidades de mellora de cara ao vindeiro curso.

O que aquí expoñemos é o traballo de todo o profesorado que imparte docencia neste centro e que amosaron sempre unha actitude positiva ante o traballo proposto.

2- MEMORIA DO EQUIPO DIRECTIVO

a) Dinamización dos órganos de goberno e de coordinación docente do centro e impulso da participación nestes dos diversos colectivos da comunidade educativa.

Os equipos de coordinación docente, agrupados por razóns prácticas en ciclos, reuníronse cunha periodicidade mensual, agás nalgunha ocasión especial na que se substituíu a reunión de ciclos por reunións xerais de carácter informativo ou para a coordinación de actividades complementarias. Ademais, neste ano académico houbo una reunión semanal dos equipos de nivel.

Coa intención de unificar os temas das reunións e o tratamento das mesmas, facilítaselles aos coordinadores información dos puntos acordados na Comisión de



Coordinación Pedagóxica dos temas a tratar, anuncios dos distintos equipos e de Actividades Complementarias, así como notas informativas, coa intención de que se teña un coñecemento similar dos procesos que se realizan no colexio por parte de todos os ciclos.

Como órgano que pon en común as achegas dos ciclos aos distintos temas tratados e que determina as liñas de actuación unitarias está a Comisión de Coordinación Pedagóxica. Este órgano reúnese os segundos martes do mes, agás, do mesmo xeito que os ciclos, cando se substitúe a súa reunión pola convocatoria dunha reunión xeral.

Tamén o departamento de orientación ten unha reunión o 4º martes de cada mes. No tocante a outros órganos, como é o claustro ou o consello escolar de centro, reuníronse cando foi preceptivo e cando os asuntos pendentes así o requiriron.

b) Xestión dos recursos humanos e materiais para proporcionar unha oferta educativa ampla e axustada ás demandas sociais.

Hai catro eixos sobre os que xirou unha boa parte do traballo no noso centro: a normalización lingüística, a convivencia escolar, a atención á diversidade e as tarefas relacionadas coa Biblioteca Escolar (promoción da lectura, formacións de usuarios, alfabetización en información...).

Das propostas para o desenvolvemento destes eixos de traballo encárganse os equipos de normalización, o departamento de orientación e o equipo de apoio á biblioteca, nalgúns ocasións traballando sobre propostas conxuntas e procurando así unha moi boa implicación do profesorado do centro.

Indicar tamén que este ano púxose en marcha o Plan Dixital de centro que pretende favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro.

c) Organización de actividades extraescolares que favorezan a apertura do centro, conectando este co seu contorno

No noso centro cada ano están programadas, na PXA e dende 4º de infantil deica 6º de primaria, unha serie de saídas escolares pola contorna que deberían, ao

remate da escolaridade obrigatoria, ter permitido aos nosos alumnos coñecer os lugares e servizos básicos do concello e comarca.

d) Disponibilidade para atender ao alumnado e ás súas familias, ofrecendo información e respondendo ás súas demandas.

Todos os titores e titoras, así como o profesorado especialista, estiveron dispoñibles para atender ás familias os martes en horario de 16:00 a 17:00 h.

Aparte o Equipo Directivo tivo as súas horas de atención distribuídas de tal xeito que nas mañás houbo en todo momento un, dispoñible para atender as demandas das familias.

Tamén queremos, destacar, que a web do centro se constitúe nunha referencia informativa no que atinxe a convocatorias de axudas, prazos de matrícula..., sendo a canle habitual pola que se infoman ás familias do centro.

3- CONSECUCIÓN DE OBXECTIVOS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS para o curso 2022-23	ACTIVIDADES PREVISTAS	RECURSOS DISPONIBLES	TEMPORALIZACIÓN	Grao de consecución
Equipo directivo				
Renovar equipos informáticos		Orzamento do centro	Todo o curso	Parcialmente
Contratar mantemento de equipos		Orzamento do centro	setembro	Posposto
Potenciar a formación do profesorado	Solicitude actividades de formación (CFR e Proxectas)	Plataforma de teleformación, plan de formación do centro, plataforma proxecta.	Setembro - outubro	Acadado
Potenciar a formación do alumnado en novas tecnoloxías	Incluir a linguaxe de programación en sexto e no proxecto competencial.	Digicraft e Arduino	Todo o curso	Acadado



Actualizar o plan de autoprotección	Revisión do plan	Recursos humanos e lexislación relacionada	Todo o curso	Posposto
Facer un reparto de actividades por trimestres para evitar a concentración destas no último trimestre.	Reparto de actividades por trimestres	Xefe do equipo de Actividades extraescolares	Setembro – outubro	Acadado
Solicitar o illamento térmico do edificio para evitar perdas de calor da calefacción.	Solicitudes á consellería		Todo o curso	-
Poñer en marcha o equipo TIC		Orzamento do centro	setembro	Parcialmente
Colocar unha rede de protección no patio		Recursos propios		Posposto
Continuar con unha xestión económica transparente.	Non se realizarán pagos en efectivo nen mediante talóns.	Todos os pagos se farán a través da entidade bancaria e directamente aos provedores.	Todo o curso	Acadado
CCP				
Revisión e actualización dos documentos do centro.	Reunións mensuais	Lexislación educativa	Setembro – Novembro	Acaadado
Establecer propostas para coordinar as probas de avaliación nun mesmo nivel.	Reunións mensuais	Lexislación educativa	Todo o curso	Acadado
Revisar e refacer as programacións didácticas	Reunións mensuais	LOMLOE	1º Trimestre	Acadado nos grupos LOMLOE



Equipo de biblioteca

Capacitar ao profesorado e ao alumnado dos cursos superiores na xestión dos préstamos.	Reunións de formación Explicación ao alumnado por parte do profesorado do equipo	Formación interna no centro	Segundo e terceiro trimestres	Acadado
Dinamizar a biblioteca escolar	As incluídas no proxecto; as propias das conmemoracións; as ofertadas por editoriais,...	Orzamento da biblioteca e orzamento do plambe	Todo o curso	Acadado
Desenvolver o proxecto do Plambe	As incluídas no proxecto	Proxecto presentado, apartado no orzamento do centro, recursos asignados.	Todo o curso	Acadado

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Coordinación das saídas e actividades didácticas.	Reunións mensuais	Lexislación educativa	Todo o curso	Acadado
Establecer propostas para as conmemoracións e celebracións do centro.	Reunións mensuais	Lexislación educativa	Todo o curso	Acadado
Organizar as actividades	Reunións cos titores	Horario de liberación semanal	Todo o curso	Acadado
Avaliar as actividades.	A través da ficha de avaliación.	Modelos doutros anos.	Todo o curso	-

Departamento de orientación



Revisión e actualización do PXAD	Reunións DO e titores	Orientadora e titorías	1º trimestre	Acadado
Previsión do alumnado que precisa atención de PT e AL para o curso seguinte e propostas de mellora	Realización de informes	Reunións do DO	3º trimestre	Acadado
Valorar as necesidades do alumnado	Reunións cos titores, observación do alumnado, realización de programas individualizados	Titores, familias, PT, AL	Todo o curso	Acadado
Equipo de dinamización da lingua galega				
Elaborar a revista escolar	División e reparto do traballo, maquetado, elaboración da revista dixital.	Orzamento do centro para materiais, traballo nas distintas áreas e cursos.	Todo o curso	Acadado
Participar no calendario Estiño	Colaborar na elaboración do calendario.	Traballo coa asociación, recursos de educación artística plástica.	1º 2º trimestre	Acadado
Colaborar nas celebracións do colexio e impulsar aquelas relacionadas co noso idioma.	Exposicións na entrada do colexio	Materiais, económicos e humanos do colexio	Todo o curso	Acadado
Participar no proxecto de fomento e uso do galego	Presentar proxecto e realizar as actividades marcadas	Económicos da dotación do proxecto	Segundo e terceiro o trimes	Acadado



nel

tre.

4- ORGANIZACIÓN ESCOLAR

A Organización de profesorado, alumnado e dos espazos desenvolveuse segundo o marcado na P.X.A.

4.1. Equipos.

Equipo 2º Ciclo educación infantil
Celia María Armesto Rodríguez Paula Bermúdez Mariño María Elvira Gómez Rodríguez Olaya López López Ana María Méndez Álvarez-Cedrón Marta Moreira Graña (coordinadora) Elvira Núñez Fontal Mónica Rodríguez Luna

Equipos de Coordinación 1º Ciclo Primaria
María Norma Blanco Cervo María Luisa Fontela García Miguel Ángel García Paz Adara López Rodríguez (coordinadora) Ana Isabel Martínez Díaz María Jesús Pérez Sánchez

Equipos de Coordinación 3º Ciclo Primaria
Begoña Fernández Osorio (coordinadora) María Ferreiro Pena Manuel López Fernández Montserrat Payo Méndez Ángel Manuel Peña Portomeñe Carlos Rivera López Carlos Vázquez Fernández

Equipos de Coordinación 2º Ciclo Primaria
Ánxela Álvarez Sestelo Mercedes Pilar Fernández García Javier García Núñez



María Carmen Mazaira Rodríguez (coordinadora)
Isabel Silva Castro
María Flor Taboada Carballo

Departamento de Orientación

Begoña Álvarez Calvo (AL)
Sabela Fernández Torres (PT)
Verónica Fernández Vázquez (coordinadora)
María José Pérez González (AL)
Ana Rielo Tellado (PT)
Clara Rodríguez Arias (PT)
Alba María Trabado Capón (PT)

Equipo Formación e Innovación Educativa

Ánxela Álvarez Sestelo
Celia María Armesto Rodríguez
Sabela Fernández Torres
Manuel López Fernández (coordinador)
Adara López Rodríguez
Marta Moreira Graña
Ángel Manuel Peña Portomeñe
María José Pérez González
Ana Rielo Tellado
Alba María Trabado Capón
Carlos Vázquez Fernández

Equipo de dinamización da lingua galega

María Luisa Fontela García
Miguel Ángel García Paz



María Elvira Gómez Rodríguez
Ana Isabel Martínez Díaz
María Carmen Mazaira Rodríguez
Elvira Núñez Fontal
María Jesús Pérez Sánchez
Carlos Rivera López
Clara Rodríguez Arias
Mónica Rodríguez Luna (coordinadora)
María Flor Taboada Carballo

Equipo de biblioteca

Begoña Álvarez Calvo
Paula Bermúdez Mariño
María Norma Blanco Cervo
Mercedes Pilar Fernández García (coordinadora)
Begoña Fernández Osorio
Verónica Fernández Vázquez
María Ferreiro Pena
Javier García Núñez
Olaya López López
Ana María Méndez Álvarez-Cedrón
Montserrat Payo Méndez
Isabel Silva Castro

Equipo de actividades complementarias e extraescolares

Ánxela Álvarez Sestelo (coordinadora)
Profesorado responsable de cada actividade

Comisión de Coordinación Pedagógica

Begoña Álvarez Calvo (AL)
Begoña Fernández Osorio (coordinadora 3º ciclo primaria)
Sabela Fernández Torres (PT)
Verónica Fernández Vázquez (orientadora - Coordinadora)
Adara López Rodríguez (coordinadora 1º ciclo primaria)
María Carmen Mazaira Rodríguez (coordinadora 2º ciclo primaria)
Marta Moreira Graña (coordinadora 2º ciclo infantil)
Ángel Manuel Peña Portomeñe (xefe de estudos)
María José Pérez González (AL)
Ana Rielo Tellado (PT)
Clara Rodríguez Arias (PT)
Mónica Rodríguez Luna (coordinadora dinamización lingua galega)



Alba María Trabado Capón (*PT*)
Carlos Vázquez Fernández (*director*)
Mercedes Pilar Fernández García (*coordinadora Biblioteca*)

Equipo de coordinadores

Manuel López Fernández (*coordinador*)
Ánxela Álvarez Sestelo (*coordinadora*)
Ángel Manuel Peña Portomeñe (*xefe de estudos*)
Verónica Fernández Vázquez (*orientadora - Coordinadora*)
Marta Moreira Graña (*coordinadora 2º ciclo infantil*)
Adara López Rodríguez (*coordinadora 1º ciclo primaria*)
María Carmen Mazaira Rodríguez (*coordinadora 2º ciclo primaria*)
Begoña Fernández Osorio (*coordinadora 3º ciclo primaria*)
Mercedes Pilar Fernández García (*coordinadora Biblioteca*)
Mónica Rodríguez Luna (*coordinadora dinamización lingua galega*)
Carlos Vázquez Fernández (*director*)

Este ano púxose en marcha o equipo e coordinadores como reunión das persoas que ocupan algunha das coordinacións do centro e cunha periodicidade de reunión mensual para transmitir de forma mais operativa os aspectos organizativos aos diferentes equipos que funcionan no centro.

Como resumo do expresado polos coordinadores dos diferentes equipos docentes que funcionaron no colexio, e que se engaden no punto 6, sinálase:

-Que se traballou sobre os obxectivos marcados polos diferentes equipos na primeira sesión; chegando ó cumprimento da maioría dos mesmos.

-Que nas reunións se propuxeron actividades que logo se trataron nos equipos de Actividades Complementarias e Extraescolares e nos Claustros, así como no Consello Escolar, cando foi necesario.

5 ORGANOS DE GOBERNO

5.1 Órganos colexiados

5.1.1.- Consello Escolar:

Nº Reunións	%Asistencia	Decisións ou acordos máis significativos
3	70-100%	Aprobación da programación xeral anual Aprobación do PFPP Aprobación do Plan de Atención á Diversidade Aprobación do uso da instalacións por parte de asociacións Aprobación proxectos de innovación educativa Aprobación solicitude días non lectivos Renovación do CE Revisión e aprobación dos gastos de funcionamento do ano 2022 Orzamentos ano 2023. PLAMBE Avaliación/Aprobación da memoria anual.

5.1.2.- Claustro de Profesores:

Nº Reunións	%Asistencia	Decisións ou acordos máis significativos
3	90-100%	Adscripción funcional do profesorado Horarios. Equipos docentes. Aspectos organizativos. Aprobación da PXA Programas de Innovación Educativa e PFPP. Contas ano 2022. Orzamento ano 2023. Avaliación e aprobación da Memoria Anual.

5.2 Órganos unipersoais:

a- Traballo desenvolvido e grao de satisfacción

- Aplicouse o protocolo de acollida do novo profesorado e de novo alumnado

- Simplificouse a ficha de solicitude de ausencias do profesorado.

b- Medidas correctoras

- Tentouse seguir mellorando o centro nos aspectos organizativos e de xestión aínda que a diversidade de alumnado por veces presenta puntuais atrancos organizativos e burocráticos.

6.- ORGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

6.1 EQUIPO DE CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

1- Membros da equipa de EI

O centro contou cun equipo continuado de **8 mestras especialistas en Educación Infantil:**

	Profesorado	Titoría
EI Anexo	Rodríguez Luna, Mónica	3 anos A
EI Anexo	Armesto Rodríguez, Celia	4 anos A
EI Anexo	Bermúdez Mariño, Paula	5 anos B
EI Cole	Gómez Rodríguez, M ^a Elvira	3 anos B
EI Cole	Moreira Graña, Marta	4 anos B
EI Cole	Nuñez Fontal, Elvira	5 anos A
EI Anexo	Méndez Álvarez Cedrón, Ana María	Apoio
EI Cole	Prado Pérez, Elva (titular) Olaya López López (substituta)	Apoio

Mestres e mestras especialistas:



Inglés	López Rodríguez, Adara	EI, 1º, 2º e 3º
Orientación	Fernández Vázquez, Verónica	
PT	Trabado Capón,Alba (titular) Foz Otero,Noemi (substituta)	
AL	Pérez González, María José Álvarez Calvo,Begoña	
Relixión	Taboada Carballo, María Flor	

Persoal non docente:

ATE. 1 - M^a JOSEFA REGUEIRO LAMAS.

ATE. 2 - MARGARIDA ALBONS ROSSELLÓ

2- Periodo de adaptación

O Plan de Adaptación para o alumnado de **3 anos** atende principalmente a:

1.Coordinación coas familias, iniciada antes de comezar o curso escolar, para informar sobre aspectos relativos ao funcionamento do centro en xeral, e, máis concretamente, da etapa infantil.

No mes de xuño tivo lugar unha reunión cas familias para darlles a benvida ao centro,explicarlles as normas básicas de organización e funcionamento,os servicios do centro e a importancia do período de adaptación.Tamén se lles entregou un folleto ca estruturación do período de adaptación.

Despois no mes de setembro entregouse a cada familia un formulario sobre datos relevantes a ter en conta sobre o alumnado,e xa no mes de outubro tivemos reunións individuais cas familias do alumnado.

2.Recollida de información sobre o alumnado coa entrevista individual posterior. As titoras recollen a información do formulario proporcionado ás familias no mes de setembro, e complementase coas entrevistas individualizadas e coa colaboración do Departamento de Orientación se procede.

3.Apoio ao labor das titoras na aula por parte das mestras de apoio do ciclo: Neste curso unha aula de 3 anos estivo no edificio anexo e a outra no edificio principal. Durante o período de adaptación as mestras de apoio, estiveron axudando as titoras de tres anos nas súas aulas.

4.Organización en grupos e establecemento de horarios

Dividiuse cada aula en catro grupos. O tempo do alumnado no período de adaptación vai de menos a máis e procurando a interacción dunhos grupos con outros . O horario quedou como segue:

PERÍODO DE ADAPTACIÓN.CURSO 2022/23

4º EDUCACIÓN INFANTIL A (Edificio Anexo)

GRUPO 1	GRUPO 3
ALVARIÑO ASCARIZ, XULIA	QUEZADA RODRÍGUEZ, YIRA
ALVES LÓPEZ, MARCO	RAMOS ALDERETE, MAYLÉN
DÍAZ GARCÍA, ARIADNA	REGO BLATT, SIMÓN
FERNÁNDEZ MARTÍNEZ, THIAGO	SESAR MÉNDEZ, ANA MARÍA
GRUPO 2	GRUPO 4
GONZÁLEZ SÁNCHEZ, ANXO	
LÓPEZ MEILÁN, MARA	SORDO DABLANCA, HUGO
LÓPEZ VÁZQUEZ, AROA	UREÑA GONZÁLEZ, DAVID
PIÑEIRO LÓPEZ, ALEXIS	UREÑA GONZÁLEZ, IAGO

GRUPO 1	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	08/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
	13/09/2021 a 21/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
	Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.
GRUPO 2	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	09/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
	13/09/2021 a 21/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
	Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.
GRUPO 3	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	10/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
	13/09/2021 a 21/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
	Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.
GRUPO 4	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	10/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
	13/09/2021 a 21/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
	Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.

PERÍODO DE ADAPTACIÓN. CURSO 2022/23
4º EDUCACIÓN INFANTIL B (Edificio Principal)

GRUPO 1	GRUPO 3
BLANCO SAA, BERNAL	MAREY REGO, SABELA
BLANCO SEIJAS, EREA	MOURE COBAS, TEO
BODENLLE LÓPEZ, LARA	PENA GESTOSO, IAGO
ENCABO GONZÁLEZ, LUCAS	PENSADO RODRÍGUEZ, LIS
GRUPO 2	GRUPO 4
ENGROBA LÓPEZ, SERGIO	POOK LLOVERAS, OLIVIA
GALLARDO FERNÁNDEZ, RODRIGO	RICHARTZ LÓPEZ, VICTOR
IACOB, LUCA	ROCA LÓPEZ, MAEL
LÓPEZ OTERO, VEGA	RODRÍGUEZ MARTÍNEZ, SOFÍA

GRUPO 1	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	09/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
13/09/2021 a 21/09/2021	9:30 h.	11:00 h.	
Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.	
GRUPO 2	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	09/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
13/09/2021 a 21/09/2021	9:30 h.	11:00 h.	
Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.	
GRUPO 3	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	10/09/2021	9:30 h.	11:00 h.
13/09/2021 a 21/09/2021	12.00 h.	13:30 h.	
Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.	
GRUPO 4	DATAS	HORA DE ENTRADA	HORA DE SAÍDA
	10/09/2021	12.00 h.	13:30 h.
13/09/2021 a 21/09/2021	12.00 h.	13:30 h.	
Dende 22 de setembro	09:00 h.	14:00 h.	

3- Paso a EP do alumnado de sexto de EI

Sinalar, neste punto que se establecen mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado do primeiro nivel de Primaria, nos mes de setembro tras a adscrición do persoal docente aos cursos correspondentes. Ademais, cabe ter en conta, nos casos de traslado de alumnado, que se aseguran os procedementos establecidos na lexislación vixente, para garantir o intercambio de información.

4- Paso a EP do alumnado de sexto de EI

4 CALENDARIO DAS REUNIÓNS DE CICLO E TEMAS TRATADOS

As reunións do ciclo de infantil foron mensuais, o segundo martes de cada mes, en horario de 17:00h á 18:00h. Tamén houbo algunhas extraordinarias, fóra deste horario, para resolver asuntos urxentes. Os temas tratados atenden os seguintes puntos:

- Elaboración da Programación Didáctica de Ciclo.
- Actividades propostas polos distintos equipos do centro: equipos de Dinamización da Lingua Galega, Dinamización da Biblioteca Escolar, Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares...
- Propostas e acordos da CCP e do DO.
- Organización de actividades complementarias: O Magosto, O Nadal, O Día da Paz, O Entroido, ...
- Avaliación das actividades complementarias e extraescolares.
- Orientacións para as avaliacións dos tres trimestres.
- Acollida das visitas das editoriais.
- Elección dos libros de texto para o vindeiro curso.

5- Consecución dos obxectivos

Os obxectivos da Educación Infantil fan referencia ás progresións do alumnado cara a adquisicións de capacidades relacionadas con:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.
- Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre homes e mulleres.
- Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Os obxectivos son adecuados ao nivel do alumnado nas programacións de aula correspondentes. O grao de consecución dos obxectivos foi xeralmente positivo en todos os niveis, agás en casos específicos xa tratados nas xuntanzas de avaliación. Do mesmo xeito que se estableceron os contidos entendidos na área de comunicación e representación da realidade, de crecemento en harmonía e de descubrimento e exploración da contorna. Foron tratados baixo o enfoque globalizador e como eixos da aprendizaxe e experiencia do alumnado.

6- Metodoloxía

A nosa metodoloxía baseouse fundamentalmente no **enfoque globalizador** que permite que os nenos aborden as experiencias de aprendizaxe de forma global. Tamén na **aprendizaxe significativa** para establecer numerosas relacións entre o que xa se coñece e o que se vai aprender e que permite aplicar o aprendido nunha situación a outras situacións e noutros contextos. Sen esquecer, a **atención á diversidade** que supón recoñecer que cada neno/a é unha persoa única e irrepetible. Tendo en conta que **o xogo**, foi un dos principais recursos metodolóxicos (motores, de imitación, de representación, expresivos, simbólicos...).

Procuramos sempre **o papel activo do alumnado**, a actividade infantil é un requisito indispensable para o desenvolvemento e a aprendizaxe. Tivemos presente sempre o **contexto**, xa que non todos presentan as mesmas características e a mesma potencialidade educativa. En relación, os **espazos** distribuíronse para dar sentido o movemento, o afecto, o xogo, a exploración, a comunicación, a relación, o descanso, a aprendizaxe compartida, a comunicación etc. En relación **os materiais** intentamos que foran descubertos, permitisen a observación, a simbolización e a representación. Sen esquecer, por último **o tempo** que foi organizado de xeito flexible e natural, para que sexa posible non só a actividade, senón tamén o contacto persoal, a participación, a reflexión e o debate.

De acordo a estas orientacións, empregamos como perspectiva didáctica o **traballo por proxectos**, así como por **centros de interés** organizados en distintas unidades didácticas, integrando os intereses do alumnado e así motivando unha aprendizaxe o máis significativa posible. Como eixos da nosa metodoloxía, tamén se integraron a educación ambiental, educación viaria, educación para o consumidor, para o lecer, para a saúde, para a paz e para a igualdade. Por outra banda, a nosa metodoloxía dirixese a contribución das competencias básicas: competencia en comunicación lingüística, competencia plurilingüe, competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería, competencia

dixital, competencia persoal, social e de aprender a aprender, competencia cidadá, competencia emprendedora e competencia en conciencia e expresión culturais.

7- Recursos

- Cada aula está dotada de materiais para manipular adaptados á idade do alumnado.
- Todas as aulas de infantil teñen Encerado Dixital Interactivo (EDI).
- Para actividades de psicomotricidade grosa, dispoñemos no edificio principal dun ximnasio compartido con Educación Primaria. Mentres que no edificio anexo, para este tipo de actividades adicouse o espazo da entrada do edificio.
- A maiores, tanto as familias como as mestras, achegamos recursos materiais e persoais concretos a cada núcleo de aprendizaxe.
- Achegas doutros mestres e mestras do centro cando se precisa.
- A colaboración co Concello, a Deputación, a Consellería e distintas Editoriais, entre outros, para a proposta de distintas actividades ou na dotación de materias.

8- Actividades

8.1 Actividades conxuntas co resto do centro:

- O Magosto. Asáronse as castañas nun bombo no patio para que o alumnado puidera ver a forma tradicional de asalar e despois comémolas nas aulas. Posteriormente tivo lugar unha xuntanza de todo o alumnado de infantil, no edificio anexo, para xogar os xogos: encesta a castaña, pesca de castañas, equilibrio con castañas de fieltro, transportar castañas cunha culler e lanzamento de castañas.
- No Entroido. Levamos a cabo as ordes do meco vindo disfrazados cada día cun detalle: o luns traer algo na cabeza, o martes levar algo no pescozo, o mércores poñer algo nos pés, o xoves vir como se foras durmir e o venres vir disfrazados como se queira.
- No día da Muller e a Nena da Ciencia, cada clase realizou un ou dous experimentos.
- Para o Día da Violencia de Xénero cada alumno estampou as súas mans con cor violeta nunha cartolina, que despois recortamos para facer un mural na entrada do centro. Tamén nas aulas se fixeron actividades relacionadas con dito día.
- Para a conmemoración do Estatuto de Autonomía de Galicia e a Constitución decoramos a bandeira de Galicia e falamos de dita conmemoración nas aulas.

- Para o Día Escolar da non Violencia e da Paz, o alumnado de Infantil cantou nas aulas algunha canción da paz e traballouse a importancia da paz e de solucionar os conflitos falando e de forma pacífica.
- No Día Internacional da Muller o alumnado de infantil tivo que aprender distintas frases da canción “Ti,só ti” de El Diluvi con Sés, para despois cantalas e grabar un vídeo con todo o alumnado do centro desa canción,para conmemorar o día mencionado.
- Para o Día Internacional do Autismo cada aula decorou un símbolo do infinito para poñer na entrada do centro.E tamén se traballou o conto “Un hada diferente” para grabar entre todo o alumnado do centro un vídeo.O alumnado de infantil fixo unhas varitas máxicas cas que bailou para saír en dito vídeo.
- Para o Día do Libro,cada alumno trouxo o seu libro favorito e quitouselles fotos cas que despois se decorou a entrada do centro.E o alumnado de 5º e 6º de primaria baixou as aulas de infantil para contarlles un conto.
- Con motivo da Letras Galegas o alumnado de primaria representou varias obras de teatro en galego,para ó resto do alumnado do centro.

8.2 Actividades conxuntas dentro do propio ciclo:

A nivel de ciclo tamén organizamos outras actividades para algunhas conmemoracións xa tratadas a nivel de centro, así como realizamos outras, tales como:

- Decoración nas entradas dos edificios con murais sobre as estacións: outono e inverno.
- Creación de murais decorativos para o Samaín e o Nadal nas entradas do edificios.
- Realización de colares de castañas por cada neno/a para a festa do Magosto.
- No Entroido o alumnado decorou un antiface por aula,ca temática dos superhéroes, superheroínas para decorar a entrada do centro.E tamén trouxeron antifaces que decoraron nas casas coas súas familias para poñer na entrada do centro,ca mesma temática.
- No Día de Rosalía de Castro o alumnado recitou algún poema de Rosalía que previamente se traballou nas aulas.
- Para o Día da Infancia, coñecemos os dereitos dos nenos/a .
- Na Declaración Universal dos Dereitos Humanos, apréndemos a canción: “Los derechos humanos, tu mejor instrumento”.
- Para o Día Internacional contra a Violencia de Xénero traballamos con contos nas aulas e o alumnado de infantil debuxou corazóns,para decorar a entrada do centro.
- No Día Escolar da non Violencia e da Paz traballamos con contos nas aulas e o alumnado confeccionou un atrapasoños da Paz.
- Na Semana da Prensa, traballamos co xornal nas aulas.

8.3 Actividades complementarias e extraescolares:

Como actividades complementarias recibimos varias visitas:

- Sesión de contacontos con Ana Meilán.
- O alumnado de 6ª de Educación Infantil tivo a actividade de Horto impartida pola Tradescola.
- Visita de Anxo Moure.
- Actuación do Mago Víctor Noir, por xentileza da Editorial Edelvives.
- Elaboración dun Maio con Blanca Villares a través da ANPA do centro.
- Charla sobre a enfermera Elvira López Mourín, unha enfermeira de altura, impartida polo colexio de enfermería.
- O alumnado de 5ª e 6ª de Educación Infantil tivo varias sesións de axedrez, impartidas por monitores de xaquedrum, nas súas aulas.

Actividades complementarias:

- O alumnado de 6º de Educación Infantil visitou a Policía Autonómica de Lugo, foi ó Auditorio Gustavo Freire para ver a actuación de Músicos de Lugo, visitou a Biblioteca pública da cidade, visitou un supermercado Gadis e fixo unha saída ó cine para ver unha película.
- O alumnado de 5º de Educación Infantil foi ó Museo provincial de Lugo, o Mercado Municipal de Quiroga Ballesteros, a Biblioteca pública da cidade e a Aldea das Formigas en San Clodio (Outeiro de Rei).
- O alumnado de 4º de infantil visitou o Bosque Máxico en Bonxe (Outeiro de Rei).
- Todo o alumnado de infantil foi ó Auditorio Gustavo Freire para ver a obra de teatro "Feo" de Afundación Abanca.

9- Propostas de mellora

O equipo de Educación Infantil, atendendo as necesidades do alumnado e do centro, considera e propón os seguintes aspectos:

A nivel das instalacións do centro:

- Arranxo do valado que delimita o horto do edificio anexo.
- Mover a area dos areeiros e poñer máis, poñer unha canasta e outros xogos de patio para que o alumnado teña diferentes posibilidades de xogo nos patios do anexo e do edificio principal.

- Tomar as medidas necesarias para que non entre a auga da choiva nos areeiros do anexo, xa que teñen un bordillo moi baixiño e entra a auga enchoupano a area.
- A substitución do chan de corcho da aula de 4º de E.I. A.
- Cambiar nas aulas do anexo os armarios empotrados por estanterías con estantes amplios, coma as que hai no edificio principal, con percheiros pola parte de abaixo.
- Poñer nos baños de infantil dispensadores de papel hixiénico.

A nivel pedagóxico:

- Necesidade de máis apoios nas aulas por profesorado especialista ou profesorado con disponibilidad horaria para poder atender as necesidades do alumnado. E consideramos que cando se aprecia que un neno/a ten problemas, que non son debidos a falta de madurez, sexa valorado pola orientadora do centro o antes posible.
- Próponse que o horario das mestras de apoio, durante o período de adaptación do alumnado de tres anos e todo o mes de setembro, se se considera necesario, sexa adicado exclusivamente a apoiar as dúas aulas dese nivel.
- Mellorar os canles de coordinación e comunicación entre a Educación Infantil e a Educación Primaria para facilitar o paso do alumnado á nova etapa.

Memoria de alternativa CURSO 2022-23

Ó longo do curso 2022-23, no segundo ciclo de E.I. asistiron a clase de Alternativa á Relixión os seguintes nenos/as:

E.I. 3 anos A.....	15
E.I. 3 anos B.....	11
E.I. 4 anos A.....	17
E.I. 4 anos B.....	16
E.I. 5 anos A.....	19
E.I. 5 anos B.....	16

Esta materia foi impartida polas titoras correspondentes durante unha hora semanal.

Neste curso traballáronse os seguintes aspectos:

Convivencia e cortesía.

Orde.

Solidariedade.

Paz.

Valoración do que temos.

Vida en familia.
Valoración do traballo ben feito.
Xenerosidade.
Respecto aos demais e ao contorno.
Tolerancia.
Autocontrol.
Agradecemento.
Esforzo e constancia.

As actividades realizáronse de forma práctica adaptándoas aos diferentes niveis deste Ciclo de E.I. promovendo un clima de cooperación, solidariedade e tolerancia.

6.2 EQUIPO DE 1º CICLO DE EDUCACIÓN PRIMARIA

Coordinador do Equipo do 1º ciclo de Educación Primaria **Adara López Rodríguez**

OBXECTIVOS	Grao de consecución		
	1	2	3
Levar a cabo o plan de acción tutorial			X
Elaboración do caderno de titoría			X

Actividades previstas	Grao de consecución		
	1	2	3
Reunións colectivas			X
Entrevistas individuais			X
Información ás familias dos resultados da avaliación			X

CALENDARIO DE REUNIÓN S

		ACTA DAS REUNIÓN S	
MARTES (17:00 a 18:00 horas)		SI	NON
ACTA DAS REUNIÓN S		X	

Nº DE REUNIÓN S REALIZADAS 7

Compoñentes do ciclo:

- Titora de 1ºA: Mª Luisa Fontela García
- Titora de 1ºB: Ana Isabel Martínez Díaz
- Titora de 2ºA: Mª Jesús Pérez Sánchez
- Titora de 2ºB: Norma Blanco Cervo.
- Especialista en Educación Física: Manuel Ángel Cordovilla González
- Especialista en Lingua Estranxeira: Adara López Rodríguez

Calendario de reunións e temas tratados:

As reunións do equipo de primeiro ciclo realizáronse en sete ocasións ao longo do curso, os martes de 17:00 h. a 18:00 h.

Nelas tratáronse, entre outros, os seguintes temas:

- Elección da coordinadora e asignación do profesorado aos distintos equipos (EDLG, Biblioteca, TIC)
- Elaboración e aprobación dos obxectivos xerais a conseguir neste curso.
- Preparación da reunión cos pais/nais de alumnos/as.
- Propostas de saídas e actividades culturais.
- Participación nas actividades do centro.
- Participación en actividades solidarias.
- Información e participación en diversos concursos.
- Coordinación entre os/as mestres/as titores/as e o resto dos profesores que comparten clases no ciclo.
- Conveniencia de recordar as normas de comportamento no centro. Insistencia na importancia de combater a agresividade.
- Información sobre as datas e horas das sesións de avaliación de cada trimestre.
- Avaliación de actividades extraescolares e complementarias.
- Memoria final de ciclo.

Nivel de consecución dos obxectivos

Os obxectivos propostos ao comezo de curso foron acadados.

Dificultades atopadas

Falta de apoios dentro e fóra da aula.

Propostas de mellora/necesidades para o vindeiro curso

Precísanse máis persoal de apoio para estes grupos.

Memoria de titoría 1ºA

Titoría 1º A Primaria	María Luísa Fontela García		
OBXECTIVOS	Grao de consecución		
	1	2	3
Intervencións continuadas coas familias			X
Elaboración do caderno de titoría			X

Número de entrevistas individuais coas familias	52
Número de reunións colectivas coas familias	1

a) Dificultades atopadas na titoría

Grupo numeroso e moi heteroxéneo. Unha alumna con valoración do E. O. E. contou co apoio da mestra de A.L. e P.T.

b) Medidas correctoras

Realización de fichas de iniciación á lectura, de traballo individualizado de reforzo e axuda de pictogramas.

CURSO: 1º A PRIMARIA

Escala 1-2-3-4 (1_nunca; 2_regular; 3_bastante; 4_totalmente)

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
Proceso de ensino:				
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado?				X
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				X
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			X	
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			X	
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				X
6.- Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				X
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				X
8.- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				X
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				X
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				X
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				X
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				X

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				X
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				X
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				X
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				X
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos				X

temas a tratar?				
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				X
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				X
8.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				X
9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				X
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				X
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				X
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				X
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				X
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				X
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				X
16.- Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				X

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Periodicidade de revisión: mensual por unidades didácticas.

Modificacións introducidas: cambios na secuenciación temporal.


Motivo das modificación: adaptación ao ritmo de aprendizaxe do alumnado en función das dificultades.

2.- Mecanismo avaliación e modificación de programación didáctica (Indicadores de logro)	Escala			
	1	2	3	4
1.- Deseñáronse unidades didácticas ou temas a partir dos elementos do currículo?				X
2.- Secuenciáronse e temporalizáronse as unidades didácticas/temas/proxectos?				X
3.- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización?				X
4.- Engadiuse algún contido non previsto á programación?	X			
5.- Foi necesario eliminar algún aspecto da programación prevista?	X			
6.- Secuenciáronse os estándares para cada unha das unidades/temas				X
7.- Fixouse un grao mínimo de consecución de cada estándar para superar a materia?				X
8.- Asígnouse a cada estándar o peso correspondente na cualificación ?				X
9.- Vinculouse cada estándar a un/varios instrumentos para a súa avaliación?				X
10.- Asociouse con cada estándar os temas transversais a desenvolver?				X
11.- Fixouse a estratexia metodolóxica común para todo o departamento?				X
12.- Estableceuse a secuencia habitual de traballo na aula?				X
13.- Son adecuados os materiais didácticos utilizados?				X
14.- O libro de texto é adecuado, atractivo e de fácil manipulación para o alumnado?				X
15.- Deseñouse un plan de avaliación inicial fixando as consecuencias da mesma?				X
16.- Elaborouse unha proba de avaliación inicial a partir dos estándares?				X
17.- Establecéronse pautas xerais para a avaliación continua: probas, exames, etc.				X
18.- Fixáronse criterios para a avaliación final?				X
19.- Elaboráronse os exames tendo en conta o valor de cada estándar?				X

20.- Definíronse programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares?				X
21.- Leváronse a cabo as medidas específicas de atención ao alumnado con NEE?				X
22.- Leváronse a cabo as actividades complementarias e extraescolares previstas?				X
23.- Informouse ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos?				X
24.- Seguiuse e revisouse a programación ao longo do curso				X
25.- Contribuíuse desde a materia ao plan de lectura do centro?				X
26.- Usáronse as TIC no desenvolvemento da materia?				X

Análise do resultado das avaliacións:

Satisfactorio en xeral.



INFORME DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN FINAL DO ALUMNADO DO
1º Curso grupo A

Rd 1513/2006 de 7 de decembro e Orde ECI/2211/2007 de 12 de xullo

Memoria de tutoría 1ºB

Tutoría 1º B Primaria	Ana Isabel Martínez Díaz		
OBXECTIVOS	Grao de consecución		
	1	2	3
Intervencións continuadas coas familias			X
Elaboración do caderno de tutoría			X

Número de entrevistas individuais coas familias	58
Número de reunións colectivas coas familias	1

a) Dificultades atopadas na tutoría.

Grupo numeroso e moi heteroxéneo. Un alumno con valoración do E. O. E. contou co apoio da mestra de A. L. e P. T.

b) Medidas correctoras

Realización de fichas de iniciación á lectura, de traballo individualizado de reforzo e axuda de pictogramas.

CURSO: 1º B PRIMARIA

Escala 1-2-3-4 (1_nunca; 2_regular; 3_bastante; 4_totalmente)

1.- Avaliación da proceso de ensino e de práctica docente (Indicadores de logro)	Escala			
	a			
Proceso de ensino:	1	2	3	4
1.- O nivel de dificultade foi adecuado ás características do				X

alumnado?				
2.- Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreza a aprendizaxe?				X
3.- Conseguiuse motivar para conseguir a súa actividade intelectual e física?			X	
4.- Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado?			X	
5.- Contouse co apoio e implicación das familias no traballo do alumnado?				X
6.- Mantívoose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado?				X
7.- Tomouse algunha medida curricular para atender al alumnado con NEAE?				X
8- Tomouse algunha medida organizativa para atender al alumnado con NEAE?				X
9.- Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado?				X
				X
10.- Usáronse distintos instrumentos de avaliación?				
11.- Dáse un peso real á observación do traballo na aula?				X
12.- Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo?				X

Práctica docente:	1	2	3	4
1.- Como norma xeral fanse explicacións xerais para todo o alumnado				X
2.- Ofrécese a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa?				X
3.- Elabóranse actividades de distinta dificultade atendendo á diversidade				X
4.- Elabóranse probas de avaliación de distinta dificultade para os alumnos con NEAE?				X
5.- Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar?				X
6.- Intercálase o traballo individual e en equipo?				X
7.- Poténcianse estratexias de animación á lectura e de comprensión e expresión oral?				X
8.- Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe				X

9.- Préstase atención aos temas transversais vinculados a cada estándar?				X
10.- Ofrécese ao alumnado de forma inmediata os resultados das probas/exames,etc?				X
11.- Coméntase co alumnado os fallos máis significativos das probas /exames, etc?				X
12.- Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus fallos?				X
13.- Cal é o grao de implicación nas funcións de tutoría e orientación do profesorado?				X
14.- Realizáronse as ACS propostas e aprobadas?				
15.- As medidas de apoio, reforzo, etc establécense vinculadas aos estándares				X
16.- Avaliáse a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación,.. ?				X

2.- Avaliación da programación didáctica

1.- Mecanismo revisión

Periodicidade de revisión: mensual, por unidades didácticas.

Modificacións introducidas: cambios na secuenciación temporal.

A continuación expónse a relación do alumnado con NEE atendido polo Departamento neste curso, así como do alumnado con NEAE máis significativas.

4º de Educación Infantil

Alumna con NEE (pendente de valoración de discapacidade). Diagnóstico médico: “proceso que se asocia con alteracións na interacción social e retraso da linguaxe compatible como primeira posibilidade con trastorno del espectro autista.” Grao de Dependencia III. Solicítase intervención do EOE para o vindeiro curso escolar 2023-2024. Recibiu o apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica durante 5 sesións semanais e da mestra especialista en Audición e Linguaxe durante 4 sesións semanais. Non ten control de esfínteres polo que precisou atención do persoal auxiliar coidador.

Alumno con NEE asociadas a discapacidade de 33%. Diagnóstico médico: Trastorno do neurodesenvolvemento e trastorno específico da linguaxe. Trasládouse de centro no terceiro trimestre do presente curso 2022/2023. Durante o primeiro e segundo trimestre recibiu o apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica durante 5 sesións semanais

e da mestra especialista en Audición e Linguaxe durante 3 sesións semanais. Non ten control de esfínteres polo que precisou atención do persoal auxiliar coidador.

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 33%. Diagnóstico médico: Hipoacusia bilateral severa bilateral conxénita. Portadora de audífonos. Dispón de sistema de FM para a escola. Recibiu o apoio da mestra especialista en Audición e Linguaxe durante 3 sesións semanais no primeiro e segundo trimestre e durante 4 sesións semanais no terceiro.

5º de Educación Infantil

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 33%. Diagnóstico médico: Proceso que asocia trastorno da comunicación verbal e non verbal, alteración da sociabilidade e un perfil de intereses e actividades restrinxidos e estereotipados en relación cun trastorno do espectro autista. Grao de Dependencia II .Emprega comunicador e non ten control de esfínteres (precisa da atención do persoal auxiliar coidador). Ten informe do EOE elaborado por Cristina Eiras López, especialista en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, datado en decembro de 2022. Recibiu o apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica durante 7 sesións semanais e da mestra especialista en Audición e Linguaxe durante 4 sesións semanais

6º de Educación Infantil

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 33%.Diagnóstico médico: Síndrome nefrótico conxénito tipo finlandés. Atraso na adquisición dos fitos do desenvolvemento e do ton axial precisando tratamento rehabilitador e logopédico e trastorno da comunicación social e da linguaxe, TEA leve. Grao de Dependencia III. Esta alumna ten atención educativa domiciliaria durante 3 horas semanais (dúas sesións de hora e media cada unha) pola imposibilidade de acudir á aula por mor dos seus importantes problemas de saúde. A atención educativa domiciliaria foi moi satisfactoria e probablemente se continúe con o mesmo de cara ó próximo curso académico.

1º Educación Primaria

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 35%. Diagnóstico médico: Afectación da comunicación social e da interacción, así como rixidez cognitiva con condutas repetitivas e

intereses restrinxidos, compatible con un Trastorno de Espectro Autista. Grao de Dependencia III. Ten informe do EOE elaborado por Patricia Romero Rey, especialista en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, datado en abril de 2021. Dende o presente curso conta cunha mestra especialista en pedagogía terapéutica de carácter preferente que realiza o apoio coa alumna durante 11 sesións semanais. Tamén conta co apoio da mestra especialista en audición e linguaxe durante 4 sesións semanais.

Alumno con NEE asociadas a discapacidade de 33%. Diagnóstico médico: Retraso madurativo. Miopía, epilepsia e enfermidade do aparato xenitourinario. Ten informe do EOE elaborado por Patricia Romero Rey, especialista en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, datado en xuño de 2022. Durante o 1º e 2º trimestre recibiu o apoio da mestra especialista en pedagogía terapéutica durante 6 sesións semanais e da especialista en audición e linguaxe durante 5 sesións semanais. No terceiro trimestre por mor da baixa dun alumno con NEE aumentouse unha sesión do apoio da mestra especialista en Audición e Linguaxe.

Ademais destes alumnos en 1ºA de educación primaria hai un alumno diagnosticado con Síndrome de Tourette, que ata o de agora non precisou de apoios das mestras especialistas.

2º Educación Primaria

Alumno con NEE asociadas a discapacidade de 35%. Diagnóstico médico: Trastorno do desenvolvemento. Trastorno do Espectro Autista. Grao de Dependencia II. Ten informe do Equipo de Orientación Específico elaborado por Patricia Romero Rey, especialista en Trastornos Xeneralizados do Desenvolvemento, datado en xuño de 2021. Dende o presente curso conta cunha mestra especialista en pedagogía terapéutica de carácter preferente que realiza o apoio co alumno durante 11 sesións semanais. Tamén conta co apoio da mestra especialista en audición e linguaxe durante 4 sesións semanais.

Alumno con NEE asociadas a trastorno grave de conduta. Diagnóstico médico: Patología límite con preponderancia comportamental. Rasgos disociais da personalidade. Ten informe do EOE. Dende o presente curso conta cunha mestra especialista en pedagogía terapéutica de carácter preferente que realiza o apoio co alumno durante 22 sesións semanais.

Alumna con NEAE que presenta mutismo selectivo no ámbito escolar.

Alumno con Altas Capacidades. Ten informe do Equipo de Orientación Específico elaborado por Olga Méndez Arias, especialista Altas Capacidades, datado en abril de 2023.

3º Educación Primaria

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 65%. Diagnóstico médico: Retraso Psicomotor severo. Hipotonía muscular xeralizada. Tetraparesia atáxica secundaria a Síndrome de Rett. Grao de Dependencia III Non ten adquirida a linguaxe oral, emprega comunicador e non ten control de esfínteres polo que precisa da atención do persoal auxiliar coidador. Ten informe do EOE e Adaptación curricular. A alumna recibiu o apoio da mestra especialista en pedagogía terapéutica durante 5 sesións semanais e da especialista en audición e linguaxe, con carácter preferente para a alumna, durante 10 sesións semanais.

Alumno con Altas Capacidades. Ten informe do Equipo de Orientación Específico elaborado por Olga Méndez Arias, especialista Altas Capacidades, datado en abril de 2023.

Alumno con Risco Alto de Presentar Dislexia, valorado no 3º trimestre do presente curso escolar. Recibiu o apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica durante 2 sesións semanais no terceiro trimestre.

4º Educación Primaria

Alumna con NEE asociadas a discapacidade de 37%. Diagnóstico médico: Retraso psicomotor leve e hiperlaxitud. Diagnóstico TDAH combinado con comorbilidade ansiosa. Grao de Dependencia I. Incorporouse ao noso centro escolar o pasado curso 2021-2022, repetindo 3º de educación primaria. Ten adaptación curricular. Recibiu o apoio da mestra especialista en Pedagogía Terapéutica durante 5 sesións semanais e da mestra especialista en Audición e Linguaxe durante 3 sesións semanais.

5º de Educación Primaria

Alumno con NEE asociadas a discapacidade de 45%. Diagnóstico médico: Atraso psicomotor relacionado con anomalía cromosómica. Ectrodactilia. Grao de Dependencia III Non ten adquirida a linguaxe oral, emprega comunicador e non ten control de esfínteres polo que precisa da atención do persoal auxiliar coidador. Ten informe do EOE e Adaptación curricular. O alumno recibiu o apoio da mestra especialista en pedagogía terapéutica durante 9 sesións semanais e da especialista en audición e linguaxe tamén durante 5 sesións.

Alumno con NEAE cun importante desfase curricular (pendente de valoración médica). Ten informe do EOE con data, marzo de 2022, elaborado por Evaristo C. Pardeiro López.

Trátase dun alumno con importantes dificultades que ademais ten problemas para consolidar as aprendizaxes. Recibiu o apoio da mestra especialista en pedagogía terapéutica durante 2 sesións semanais e formou parte dos Agrupamentos Flexibles en Lingua Castelá e Matemáticas aprobados para o presente curso escolar.

Alumno diagnosticado de TDAH, que recibe apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e reforzo por parte do profesorado titor e especialista.

Alumna diagnosticada de Trastorno complexo do neurodesenvolvemento no que solapan os diagnósticos de trastorno por defecto de atención predominantemente inatento con dificultade na aprendizaxe da lectoescritura e cálculo, trastorno disocial e do estado de ánimo que recibe apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e reforzo por parte do profesorado titor e especialista.

6º de Educación Primaria

Alumna con diagnóstico de Trastorno del Espectro Autista sen déficit intelectual nin da linguaxe acompañante con un nivel de apoio 1, incluído no manual DSM-IV-TR dentro do Síndrome de Asperger., que recibe apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria e reforzo por parte do profesorado titor e especialista.

Alumnado dos agrupamentos flexibles de Lingua Castelá e Literatura e Matemáticas: 4 alumnos e 3 alumnas do 5º curso de educación primaria.

Ademais de este alumnado dende o Departamento de Orientación realizáronse diferentes intervencións en alumnos que presentaban: dificultades de aprendizaxe (sobre todo en educación primaria), sospeita de altas capacidades, comportamentos disruptivos, dificultades de adaptación á escola, sospeita de dislexia, conflitos entre alumnado da mesma aula, dificultades de pronunciación (sobre todo nos últimos cursos de educación infantil e no primeiro curso de educación primaria), sospeita de Trastorno de Atención e/ou Hiperactividade, problemas relacionados coa educación emocional...

6. RESUMO DE ACTUACIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

ACTUACIÓNS	Nº DE ALUMNADO	CURSOS
Adaptacións Curriculares	4	3º EP 4º EP e 5º EP

Avaliacións e informes psicopedagóxicos	15	1º 2º 3º 4º e 5º EP
Ditames de Escolarización	4	4º EI e 3º EP
Solicitudes de intervención do EOE	11 (3 durante o curso e 9 a finais)	4º EI 1º 2º 3º 4º e 5º EP
Outros informes	31 (Informes escolares, para as bolsas de estudos, de valoración da linguaxe, para seguimento de servizos externos...	4º 5º e 6º EI 1º 2º 3º 4º 5º e 6º EP
Reunións con centros e institucións externas	Alumnado con NEAE (especialmente alumnado NEE).	Raiolas, Aúpa, Crea, Marina Linares, psicólogos e psicopedagogos privados, Asociación de minorías étnicas, Servizos de saúde, Servizos sociais do Concello de Lugo, Protección de Menores de Lugo, centro de día Dignidade, IES San Xillao, IES Nosa Señora dos Ollos Grandes e UACO (RAOGAL).

Resumo de demandas de información atendidas

Durante este curso demandouse información ao Departamento de Orientación por parte das familias, do profesorado, da Inspección Educativa, o da Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) e doutras entidades e profesionais alleos ao centro escolar que tamén se encargan da atención educativa do noso alumnado.

Entre a información demandada destaca: a información sobre as bolsas para alumnado NEAE e as axudas para libros e material escolar; orientacións e pautas de traballo tanto na aula coma no entorno familiar para casos concretos; Informes escolares sobre alumnos e alumnas en risco de exclusión social; Informes e valoracións de alumnado que presenta algunha dificultade académica; asesoramento pedagóxico para tratar dificultade puntuais tanto no académico como no desenvolvemento persoal e emocional do alumnado...

Proporcionouse tamén información de casos concretos demandada por Servizos de Protección de Menores, Servizos Médicos e por parte de centros privados (que atenden a alumnos e alumnas con dificultades na área da linguaxe e reeducación pedagóxica) que atenden a algúns dos alumnos/as do centro fóra do horario lectivo.

Dende a Inspección educativa solicitouse información relacionada con varios alumnos e alumnas que presentan NEE e información xustificativa da necesidade de continuidade do persoal auxiliar coidador do centro.

Por último dende a Rede de Acompañamento e Orientación Persoal e Familiar de Galicia (RAOGAL) solicitouse información sobre un alumno con Trastorno Grave de comportamento de maneira periódica ao longo de todo o curso escolar.

Grao de satisfacción do funcionamento do Departamento

O grao de satisfacción do funcionamento ao longo deste curso, pode cualificarse nun nivel medio/alto debido a diversas circunstancias que fixeron que houbera varias modificacións (baixas laborais) nas profesionais que formaron parte do Departamento.

Como xefa do Departamento quero agradecer a axuda prestada ás mestras de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, ao equipo directivo e aos demais mestres e mestras da escola, así como ao persoal auxiliar coidador e ao persoal administrativo.

A relación entre todos os membros do departamento, especialmente entre a orientadora e as mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe foi moi boa o que favoreceu a atención á diversidade, especialmente, a atención a aquel alumnado que precisa dun apoio máis individualizado polas NEE que presenta.

O número de alumnos e alumnas con NEAE, e especialmente con NEE, que hai no centro é moi elevado, e implica un exercicio de implicación, esforzo e traballo por parte de todo o equipo de profesionais que traballamos no mesmo. A estreita colaboración co equipo directivo e o seu apoio e consello continuo facilitou moito a correcta execución das obrigas do departamento.

A relación cos titores e titoras, en xeral, tamén foi satisfactoria, pero cómpre sinalar que segue sendo preciso facer fincapé na importancia da coordinación dos mestres/as titores/as

coas especialistas de PT e AL, posto que o traballo debe planificarse tendo en conta unhas liñas xerais e de maneira coordinada, lembrando que o alumnado con NEE forma parte dunha aula polo que a atención e reforzos aplicados deben estar en consonancia, non só coas súas necesidades propias senón tamén co traballado realizado polos seus compañeiros e compañeiras facendo posible unha inclusión real dentro do centro e da aula. Sería positivo programar momentos de coordinación entre titores e outros especialistas co Departamento de Orientación para poder programar a atención de maneira efectiva e tendo en conta os principios de inclusión e integración.

Por último, a comunicación coas familias foi favorable, mantendo un contacto continuado sobre todo coas familias dos alumnado con necesidades educativas especiais, e contando en todo momento coa súa estreita colaboración.

7. PROPOSTAS DE MELLORA PARA O VINDEIRO CURSO

- En primeiro lugar sería moi importante que a Xefatura do Departamento de Orientación fose ocupada por unha persoa definitiva, posto que o elevado número de alumnos e alumnas que presentan NEAE fai necesaria unha continuidade que ata o de agora non se puido ofrecer. Como esta circunstancia non depende nin do centro escolar, nin das persoas que formarán o vindeiro curso o Departamento de Orientación, proponse que a persoa que se incorpore á Xefatura teña en conta tanto o presente documento de Memoria do Departamento de Orientación coma o documento de previsións de apoios e tamén, e sobre todo, que teña en conta a experiencia das mestras especialistas en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe que traballaron no presente curso co alumnado con NEE. Deste xeito poderá compoñer unha idea inicial do traballo que deberá desenvolver no vindeiro curso.

- Seguir traballando a educación emocional e a resolución pacífica de conflitos debido aos problemas de convivencia que tiveron lugar nalgunhas aulas, sendo recomendable planificar un programa de habilidades sociais, así como unha serie de propostas e orientacións para traballar a cohesión de grupo nestas aulas. Este traballo pode extrapolarse ás familias do alumnado propoñendo accións encamiñadas ao tratamento dos conflitos de maneira axeitada a cada neno/a e cada grupo.

- Tendo en conta o elevado número de alumnado con NEAE escolarizado no noso centro sería moi recomendable seguir organizando cursos de formación para o profesorado. Tendo en conta que nos últimos cursos se realizou formación relacionada coa atención ao alumnado TEA e con Trastornos Graves de Comportamento e/ou TDAH pensamos que para o vindeiro curso os temas poderían estar relacionados coa formación en SAAC e tamén coa

atención ao alumnado con Altas Capacidades, atendendo ás características do noso alumnado.

- Sería interesante incluír unha Escola de Pais e Nais orientada sobre todo á atención dos nenos e nenas con TEA, con Altas Capacidades, Trastornos de Conduta... para poder así fortalecer o nivel de intercambio de coñecementos entre a comunidade educativa, en definitiva un espazo de diálogo.

- Imprescindible traballar en prol do principio de integración e inclusión garantindo os dereitos de todos e cada un dos nosos alumnos e alumnas. Dende o Departamento de Orientación deberase traballar para que o alumnado que presenta NEAE, e sobre todo NEE, sexa incluído en todas as actividades de aula e centro, garantindo a súa integración real, sempre prestando todos os apoios e reforzos necesarios e posibles para poder atender de maneira eficiente as súas necesidades. Para elo respectarase a lexislación vixente, facendo especial fincapé nos seguintes puntos:

- A atención das mestras especialistas en PT e AL é un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo. A organización deste apoio debe ter en conta tamén a continuidade do profesorado especialista co alumnado ao que atendeu no presente curso, sempre que esta circunstancia sexa posible.

- A atención por parte do profesorado especialista en PT ou en AL realizarase, con carácter xeral, dentro da aula ordinaria do alumnado ao que apoia. Fóra da aula ordinaria esa atención terá carácter excepcional, deberá constar no informe psicopedagóxico, terá unha distribución semanal equilibrada e non poderá exceder da terceira parte dos períodos lectivos semanais, que en ningún caso suporá a totalidade do horario lectivo semanal dunha determinada área ou materia.

- Os mestres especialistas en PT e AL de atención preferente atenderán preferentemente ao alumnado asignado sen prexuízo de que este profesorado atenda outras posibles necesidades existentes no centro.

- É fundamental atopar lugares físicos axeitados e suficientes para situar as aulas de todo o profesorado de PT e AL co que se contará o vindeiro curso escolar para favorecer o éxito da súa atención especializada; así como a provisión de materiais e recursos adaptados ás necesidades do noso alumnado.

- Dotar ás dúas Auxiliares Técnicas dos espazos necesarios e axeitados e dunha organización funcional que garanta unha boa atención a todo o alumnado con NEE que

precisan da súa atención. Ter en conta que o centro está formado estruturalmente por dous edificios polo que os horarios deben ter en conta esta característica.

- Realizar unha proposta de “Patios dinámicos” co alumnado con NEE, especialmente o alumnado que presenta TEA, Problemas de Conduta e Altas Capacidades co obxectivo de favorecer a súa inclusión real no centro.

- Fomentar a implicación directa e total de toda a comunidade educativa na atención á diversidade, sobre todo do profesorado titor e especialista do alumnado con NEE

MEMORIA RESUMA DO ALUMNADO ATENDIDO POLOS ESPECIALISTAS ED PT E AL DURANTE O CURSO 2022/23

.-MEMORIA ANUAL DAS MESTRAS DE PT (MESTRA PT DEFINITIVA, MESTRA PT PROVISIONAL E MESTRAS PT DE ATENCIÓN PREFERENTE)

a) INTRODUCCIÓN

No presente curso, contouse con catro especialistas en Pedagogía Terapéutica. Unha con carácter definitivo, outra provisional e dúas de atención preferente (unha a dous alumnos TEA e a outra a un alumno con Trastorno Grave do Comportamento). A mestra provisional e a de atención preferente ao alumno con Trastorno Grave do Comportamento tiveron que ser substituídas dende o primeiro trimestre debido a baixas médicas.

Ao final do curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna/o, o profesorado de apoio elabora unha memoria na que se inclúen os aspectos especificados na Orde do 8 de Setembro de 2021. A continuación preséntanse as memorias das mestras de PT:

• MEMORIA MESTRA PT DEFINITIVA

ALUMNADO ATENDIDO

A intervención realizouse con catro alumnos/as:

- P1 (alumno de 5º de EP): Adaptación Curricular. NEE asociadas a discapacidade.
- P2 (alumno de de 5º de EP): NEAE asociadas a Graves dificultades de aprendizaxe; non consolida as aprendizaxes.
- S (alumna de 4º de EP): Adaptación Curricular. NEE asociadas a discapacidade.

- M (alumno de 1º de EP): Retraso madurativo. NEE asociadas a discapacidade.

No primeiro trimestre, logo de coñecer as capacidades, necesidades educativas, o nivel de competencia curricular, a motivación e os intereses do alumnado leváronse a cabo os correspondentes programas de intervención individuais para cada un dos alumnos e alumnas cos que se levou a cabo a intervención directa da mestra de PT.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

A valoración da coordinación co profesorado foi positiva; realizando dita coordinación cunha frecuencia semanal, quincenal e trimestral, dependendo das necesidades atopadas.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

Traballáronse os obxectivos e contidos propostos para cada un dos alumnos/as en base ás distintas áreas do desenvolvemento.

Os obxectivos xerais da intervención foron: mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística e a comprensión da contorna que os rodea, favorecer a interacción e socialización cos iguais, incrementar os tempos de atención, modificar condutas inadaptadas, gañar autonomía persoal, adaptación ás rutinas da escola e mellorar as habilidades académicas. Outros obxectivos traballados foron: a iniciación ou afianzamento do proceso lecto-escritor, a adquisición das competencias básicas nas que se aborda a expresión e comprensión oral e escrita (ler e escribir) e a adquisición dunha competencia matemática relativa ás operacións básicas.

METODOLOXÍA

A metodoloxía xeral baseouse nas teorías de aprendizaxe significativas, partindo do seu nivel de competencia curricular, dos coñecementos previos e dos intereses do alumnado.

Tivo un carácter activo, participativo, lúdico e afectivo. Partiuse do concreto para potenciar a abstracción, empregando a manipulación como forma de aprendizaxe.

Cos alumnos P1 e M, empregouse a metodoloxía TEACCH.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

Aínda que non se acadaron todos os obxectivos plantexados para este curso, a repercusión das medidas de apoio no alumnado co que traballei foi positiva.

- P1. Observouse un progreso positivo en diversas áreas, especialmente no eido comunicativo. Non lle gusta o traballo en mesa.
- P2: Está moi integrado no seu grupo de referencia. Segue mostrando moitas dificultades para consolidar as aprendizaxes.

- S: Mellorou moito, iniciouse na lecto-escritura. É capaz de ler pequenos textos e responder a preguntas sobre o lido.
- M: Experimentou avances, pero persiste a afectación na comprensión e nas habilidades sociais.

PREVISIÓNS PARA O VINDEIRO CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

Realizar xornadas de formación para o claustro de profesores/as do centro sobre os diferentes SAAC (ENESO VERBO, GRID 3) e formación específica en metodoloxía TEACCH.

Ter dentro do horario das mestras sesión dedicadas a coordinación e intercambio de información co profesorado implicado no proceso do alumnado co que se traballa.

Tomar ás decisións que afectan ao alumnado de forma conxunta.

Actualizar e ampliar recurso bibliográficos, lúdicos, material manipulativo e TIC.

- **MEMORIA MESTRA PT PROVISIONAL**

A Aula de PT tivo como obxectivo principal dar resposta ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo e Necesidades Educativas Especiais que había no Centro, desde un enfoque inclusivo e normalizador, contemplando a diversidade de cada un dos alumnos e alumnas.

ALUMNADO ATENDIDO

No presente curso escolar 2022/23 recibiron apoio por parte da mestra provisional de Pedagogía Terapéutica seis alumnas/os tendo en conta o recollido na Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, que regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, que especifica que “a intervención profesional do profesorado especialista en PT e AL é un recurso dirixido especialmente á atención educativa do alumnado con necesidades educativas especiais, sen prexuízo de que, excepcionalmente, atenda a outro alumnado con necesidade específica de apoio educativo”.

- 1º e 2º trimestre:

A.M.S.M: alumna de 4º curso de Educación Infantil diagnosticada con alteracións na interacción social e atraso da linguaxe compatible como primeira posibilidade con trastorno do espectro autista. Ten un grado II de dependencia recoñecida. Presenta moitas dificultades

na comprensión do día a día mostrando unha clara evolución en canto a autonomía e linguaxe.

O.P.O: alumno de 4º curso de Educación Infantil con diagnóstico TEA. Linguaxe non adquirida, non mostraba intención comunicativa hasta o 2º trimestre. A súa evolución foi visible en canto a sinalar obxectos que quería ou emitir certas palabras ou sons. Ó inicio do 3º trimestre prodúcese un cambio de centro.

G.R.F: alumna de 5º curso de Educación Infantil con diagnóstico TEA. É unha alumna cunha gran capacidade de comprensión e intención comunicativa. A súa evolución foi en progreso dende o inicio do curso superando certas estereotipias e rutinas adquiridas do día a día.

S.T.G : alumna de 3º curso de Educación Primaria con síndrome de Rett. Dada a situación de saúde da nena faltou bastante a clase sendo moi poucas as sesións de apoio realizadas. Nestas sesións priorizábase o seu benestar físico e emocional.

- 3º trimestre: no terceiro trimestre, como xa comentamos, dáse de baixa un alumno por cambio de centro polo que a mestra de PT cubre esas horas apoiando, a maiores, a:

L.L.E : nena de 2º curso de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe sobre todo na lecto-escritura que está repetindo curso. Atópase nun nivel de lectura equivalente a infantil (non recoñece todas as letras). Mostra predisposición polo traballo pero parece non reter a información.

N.G.L : neno de 3º curso de Educación Primaria con dificultades de aprendizaxe sobre todo na lecto-escritura (separa e xunta palabras, silabea) e nas matemáticas (dificultades nas operacións básicas e na resolución de problemas). Mostra predisposición polo aprendizaxe aínda que a súa falta de atención, concentración e memoria dificultalle a labor. A valoración da avaliación psicopedagóxica conclúe Risco Alto de Presentar Dislexia.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

As coordinacións cos titores/as dos alumnos/ as que reciben apoio de PT foron fluídas para poder adaptar a atención individualizada do alumnado con NEE tanto ás necesidades propias de cada neno/a como ao traballado na aula.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

- Plantexáronse tendo en conta os informes psicopedagóxicos do alumnado, ademais das avaliacións iniciais realizadas.

- Levouse a cabo un traballo individualizado. Os contidos traballados foron personalizados e adaptados a cada alumno en particular.
- En liñas xerais, os aspectos a traballar foron os seguintes: iniciación ou afianzamento do proceso lecto-escritor, adquisición das competencias básicas nas que se aborda a expresión e comprensión oral e escrita (ler e escribir), adquisición dunha competencia matemática relativa ás operacións básicas.
- Desenvolver ferramentas axeitadas para crear hábitos de traballo, rutinas; crear un ambiente que invite ao alumnado a interesarse polas actividades escolares propiamente ditas e que lle axude a acadar os obxectivos plantexados, aumentando o seu nivel de autoestima. Traballáronse habilidades sociais, control de condutas disruptivas...

METODOLOXÍA EMPREGADA

A metodoloxía foi flexible, funcional, activa, creativa, lúdica, inductiva e individualizada, respectando as necesidades e ritmos de cada alumno/a en todo o posible; partindo da súa avaliación psicopedagóxica e usando os procedementos máis adecuados ás súas características e situación persoal, procurando reforzar os logros conseguidos para estimular o gusto pola aprendizaxe e espertar a súa curiosidade.

Os materiais empregados caracterízanse por ser manipulativos, con diversas posibilidades de uso. Traballamos con bloques, xogos de madeira, xogos de pezas insertables, fichas imprimibles, quebracabezas, contos con pictogramas; pinturas, témperas, plastilina, obxectos da vida cotiá, tablet e xogos interactivos, etc

Temporalización e actividades: Leváronse a cabo 22 sesións semanais de atención individualizada, tanto dentro da aula ordinaria como fóra da mesma, na aula de PT. Nas sesións dentro da aula priorizamos o desenvolvemento da súa autonomía e o desenvolvemento psicosocial mediante a interacción cos seus compañeiros. Traballamos para afianzar diversos conceptos básicos. Tamén centramos o traballo diario na adquisición de diversas habilidades da vida diaria tanto sociais coma persoais fomentando así a súa autonomía. Trabállase tanto a psicomotricidade grossa como a fina.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

As medidas de apoio baséanse nas necesidades dos alumnos. Partindo das mesmas elabóranse o plan de intervención individual tendo en conta tamén as súas características persoais.

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

Detéctanse as seguintes necesidades:

- Realizar xornadas de formación para o claustro de profesores/as do centro para atender ao alumnado TEA, condutas disruptivas e conflitos emocionais.
- Tomar as decisións que afecten ao alumnado con NEAE e NEE de forma conxunta.
- Actualizar e ampliar recursos bibliográficos, lúdicos, material manipulativo e TIC. É necesario seguir dotando á aula dun maior número de materiais manipulativos e didácticos, equipos adaptados ás características destes alumnos, uso das TIC e programas informáticos axeitados.

MEMORIA MESTRA PT PREFERENTE ALUMNADO TEA

A memoria da mestra de PT de atención preferente para dous alumnos, escolarizados en 1º e 2º de educación primaria que presentan Trastorno do Espectro Autista (TEA)

ALUMNADO ATENDIDO

Debido a existencia dunha mestra PT de carácter provisional a miña atención puido centrarse nos dous alumnos aos que se concedeu a atención preferente:

- Alumna TEA de 1º de primaria, recibe os apoios de forma combinada dentro e fora da aula.
- Alumno TEA 2º de primaria, recibe os apoios de forma combinada dentro e fora da aula.

En ambos casos, dado que non existe unha adaptación curricular, intentouse seguir os obxectivos e contidos do seu grupo de referencia e ademais crearse novos intereses e ampliación de contidos vencellados a contos, historias ou contidos da aula.

Para poder realizar unha resposta educativa axeitada aos dous nenos cos que interveño foi necesario realizar unha revisión da documentación existente no centro coa finalidade de coñecer as peculiaridades, necesidades, motivacións, intereses, puntos de partida e capacidades, para poder adaptar totalmente a intervención educativa a cada un.

Unha vez coñecidos estes datos realizouse un programa de intervención para cada un, cabe destacar que ditos documentos foron elaborados baseándose tamén nos principios básicos da metodoloxía TEACCH e no Deseño Universal da Aprendizaxe.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

A valoración de dita coordinación foi positiva. A maioría dos momentos nos que se realizaron foron a través de encontros informais, levados a cabo con moita frecuencia para poder realizar unha resposta educativa coordinada e con pautas comúns de actuación.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

Debido a que o alumnado de atención preferente non presenta unha adaptación curricular, intentáronse traballar os obxectivos e contidos que lle corresponden por idade tendo en conta as necesidades e peculiaridade de cada alumno/a.

Xa a final do primeiro trimestre coméncase a observar dificultades no caso do alumno escolarizado en 2º de primaria para poder continuar co proceso de ensino-aprendizaxe e por iso coméncase a traballar os mínimos adaptados ás súas características coa finalidade de poder adquirilos. E xa no segundo trimestre cando comentamos coa familia a posibilidade de levar a cabo unha adaptación curricular de cara ao vindeiro curso.

A maiores diso considerouse necesario traballar en profundidade a súa intencionalidade comunicativa e capacidade de socialización, autonomía, condutas sociais básicas, asemade traballáronse as funcións executivas e a teoría da mente, aspectos de vital importancia no seu desenvolvemento

No caso da alumna escolarizada en 1º de primaria considérase que, realizando unha adaptación axeitada nos materiais e na metodoloxía, é quen de alcanzar os obxectivos e contidos que lle corresponden por idade.

Tamén considerouse importante traballar a redución de condutas disruptivas e de momentos de frustración e de stres. Na intervención con dita alumna priorizouse tamén o traballo no desenvolvemento da súa capacidade de socialización, autonomía, condutas sociais básicas, asemade traballáronse as funcións executivas e a teoría da mente, aspectos de vital importancia no seu desenvolvemento

En liñas xerais, con ámbolos dous, pretendeuse desenvolver a súa autonomía persoal, mellorando a súa comprensión da contorna que os rodea, favorecendo a interacción e socialización cos seus iguais, fomentando actitudes positivas ante o descoñecido, mellorando a súa flexibilidade cognitiva nas transicións e na aceptación de cambios; ademais de promover unha comunicación efectiva en todas as situacións naturais que se levan a cabo no día a día do centro educativo e facilitando a adaptación ás rutinas da escola e mellora das habilidades académicas.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO E METODOLOXÍA EMPREGADA

En xeral a metodoloxía aplicada baseouse nos seguintes principios:

- Un enfoque individualizado, adaptándonos en todo momento ás súas necesidades e peculiaridades.

- Emprego de apoios visuais para asegurar unha maior comprensión de todos os aspectos que acontecen na vida cotiá.
- Estruturación e predición das sesións.
- Principios básicos da metodoloxía TEACCH que nos permitiu favorecer un acceso efectivo ás aprendizaxes.
- Principios básicos do Deseño Universal da Aprendizaxe, creando contornas de aprendizaxe inclusivas e accesibles para todo o alumnado adaptándonos en todo momento ás súas necesidades e características.

Temporalización: Os dous alumnos de atención preferente contan cun total de 11 sesións semanais que se levan a cabo tanto dentro coma fora da aula .

Nas sesións dentro da aula priorizamos a adaptación ás rutinas da aula, o desenvolvemento da súa autonomía e o desenvolvemento psicosocial mediante a interacción cos seus compañeiros, así como intentamos proporcionar ao alumnado uns entorno de aprendizaxe adaptado ás súas necesidades para poder seguir con éxito os contidos e obxectivos traballados no seu grupo de referencia.

Os apoios en aula de apoio estiveron enfocados ao traballo das funcións executivas, aspectos vencellados á Teoría da mente, apoios previos e posteriores ás aprendizaxes, adquisición de diversas habilidades da vida diaria tanto sociais coma persoais fomentando así a súa autonomía.

No tocante á alumna de 1º realizouse tamén o apoio nas sesións de educación física, traballando aspectos como o equilibrio, desprazamentos, realización de circuítos, emprego de materiais como pelota, comba ou aro, participación en xogos grupais...

Recursos materiais:

Ao longo do curso empregáronse materiais diversos que se adaptaron a diferentes contidos e características do alumnado, tamén empregáronse materiais sensoriais, materiais baseados na metodoloxía TEACCH, tablets e diferentes materiais funxibles.

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

- Sería necesario contar con máis material específico e adaptado na aula PT, así como sería moi positivo contar cun taboleiro dixital ou distintos materiais TIC como por exemplo tablets ou ordenadores.
- Considérase necesario que os dous alumnos de atención preferente sigan contando co mesmo número de sesións e que estas sigan a realizarse dentro e fora da aula ordinaria.

- Establecemento de canles apropiados para a coordinación entre os mestres e coas familias.
- Contar con actividades nos tempos de lecer que faciliten e promovan a plena inclusión do alumnado.

MEMORIA MESTRA PT PREFERENTE ALUMNADO TRASTORNO GRAVE DE CONDUCTA

ALUMNADO ATENDIDO

Alumno de 2º de primaria que presenta Patoloxía Límite con Preponderancia Comportamental e rasgos disociais da personalidade.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

Hai que destacar a boa coordinación coa titora, profesora de inglés e profesor de educación física en canto a forma de facilitar a intervención e programación de actividades con e para o alumno. Hai que salientar a colaboración da Xefa do Departamento de Orientación nos momentos de crise do alumno facilitando o coidado del, do grupo de compañeiros e a comunicación coa familia. Tamén puiden observar un gran sensibilidade e colaboración tanto do persoal docente como non docente do centro. En especial destacar á conserxe co coidado que manifestou no tocante o control das portas de saída do Colexio.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

- Promover destrezas e habilidades da vida persoal que faciliten a adquisición de maior autonomía na vida cotiá.
- Manter contextos de prevención que eviten ou minimicen a aparición de condutas problemáticas.
- Intervir en situacións de crise protexendoo e protexendo ás persoas do seu entorno de calquera risco.
- Promover a través da linguaxe oral, a expresión e control das emocións.
- Mellorar as habilidades de interacción social en relación os seus iguais e o profesorado.
- Desenvolver habilidades útiles e capacidades para alcanzar o éxito escolar relacionadas co razoamento, cálculo, lecto-escritura, coñecementos en xeral.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Intervención individualizada, conxugando os intereses, as necesidades e as capacidades. Tendo en conta que o ritmo de traballo determina a planificación de cada actividade.
- Planificación de actividades tendo en conta a necesidade de potenciar o desenvolvemento persoal e a adaptación o centro escolar para aumentar a súa calidade de vida.
- Ir mais alá da conduta, comprendendo a seu modo de sentir e entender o mundo que o rodea, así como a forma que ten de construír a aprendizaxe e o desenvolvemento social, ofrecéndolle todos os apoios e recursos necesarios.
- A realización de calquera tarefa terá como fundamento a aprendizaxe sen erro, para minimizar a frustración e atopar pequenos reforzos que a o manteñan na tarefa escolar.
- Creación dun entorno predicible que facilite o control dos estímulos e as respostas de maneira que saiba onde está, que ten que facer e que se espera de el. Para isto utilízase o taboleiro de planificación de actividades diarias con pictogramas que lle permite anticipar e comprender cada cada momento, adaptándose con éxito a xornada escolar.
- Adaptación do horario ás necesidades e intereses do alumno para que atopase no centro escolar a atención necesaria para non manterse constantemente en hiperalerta.
- Uso dun espazo adecuado as súas necesidades dentro da aula con materiais de prevención para facilitar a substitución de condutas desadaptadas por outras mais adaptadas o espazo e o tempo.
- Establecemento e fomento de relacións sociais cos seus compañeiros e compañeiras que lle permiten intercambios emocionais positivos, de aceptación, con valores éticos e de respecto.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO E DA METODOLOXÍA EMPREGADA

A valoración é moi positiva pois reducíronse os desencadeantes das emocións de enfado, rabia e tristeza. Por tanto, tamén as expresións, totalmente desadaptadas das mesmas, que presentaba o alumno o longo da xornada escolar e que causaban dano aos compañeiros/as, a outros/as alumnos/as do centro, ao profesorado e a el mesmo. Tamén se conseguiu un

ritmo diario de traballo en relación ás tarefas escolares, grazas a aceptación de ditas obrigas dentro do entorno escolar e familiar.

En canto a adquisición de competencias pra o logro dos obxectivos curriculares o nivel foi baixo. O alumno conseguiu unha rutina de traballo diario, centrado no libro de texto, rexeitando calquera outra tarefa, mais o rendemento foi moi baixo. Percíbese pouca mellora e pouca adquisición de novas destrezas e coñecementos tanto no ámbito das linguas como nas matemáticas. Ten interese por certos temas do ámbito social e natural e fai preguntas interesantes.

OUTRAS VALORACIÓNS A TER EN CONTA

As medidas propostas foron produto da observación do alumno nas xornadas escolares de finais de novembro e decembro. Durante eses días observáronse as súas condutas e necesidades, detectando certos indicadores compatibles coas necesidades do alumnado con trastorno do espectro autista. A día de hoxe, final de curso, seguen a observarse os mesmos indicadores. E sería conveniente poder mantelos en revisión para dar mellor resposta as súas necesidades:

Deficiencias persistentes na comunicación social e na interacción social en diferentes situacións escolares, observándose:

- Acercamento social anormal (apertas excesivas, bicos, apretóns,...), fracaso na conversación (dificultade para expresar desexos e para entender os desexos do outro), escasos intereses compartidos ou, no caso de presentalos, de duración moi breve e baixo as súas condicións por falta de comprensión das propostas do outro.
- Dificultades na comprensión das intencións e emocións das demais persoas, interpretando inadecuadamente as súas intencións.
- Poucas habilidades para compartir xogos e ter en conta os demais. É capaz de iniciar o xogo, o mantén en períodos de breve duración. Normalmente abandona o xogo sen avisar aos seus compañeiros ou se frustra moi rápido por non entender as normas do xogo. No patio, en ocasións ,xoga ao fútbol e a outros xogos con algúns compañeiros. Neses casos obsérvase que se move, vai detrás deles, pero non é activo na relación e no seguimento das normas do xogo. Ten un reducido xogo imaxinativo, sendo preciso guialo no mesmo.
- Comunicación verbal pouco integrada. Habitualmente non responde adecuadamente á demanda do outro. E preciso seguir a súa conversación para manter a interacción. Hai expresión facial dos seus estados de humor.

Dificultades para axustar o seu comportamento en diferentes xogos. Nas sesións de Educación Física mantense dentro dos xogos colectivos, segue algunha norma, pero non se percibe conexión co grupo. Entende que cando se realiza un xogo ese ten que gañarse, non existen para el outras posibilidades e manifesta moita frustración.

Patróns restritivos e repetitivos do comportamento, intereses ou actividades.

Obsérvase:

- Intereses restrinxidos e fixos que se manteñen por un período de tempo ao redor duns 15-20 días e logo cambia. Normalmente son vídeos que ve continuamente, unha e outra vez, con temas e contidos moi sinxelos, tanto verbais como visuais, adecuados para alumnos de menor idade (animais, conceptos numéricos, temporais e espaciais, debuxos animados e xogos de "Esqueletos"., "Kokitos" para nenos de 6 anos, Familytuber,).
- Está cómodo e regulado a través do establecemento de rutinas e plans diarios que leva a cabo dun modo inflexible. Isto favorece que se sinta seguro e tranquilo e non se presenten emocións que non sabe expresar senón é dun modo desproporcionado ,como viña sucedendo en meses anteriores.
- Existencia de comportamentos ritualistas (modo de entrar a aula, posición na aula, lugar onde coloca o seu abrigo, aceso e apagado das luces na clase en función das actividades, uso do ordenador ,momento do almorzo, orden en que toma os alimentos,..)
- Rixidez nas súas expectativas, son os demais os que teñen que adherirse os seus intereses, necesidades e rutinas.

En canto as áreas de coñecemento manexa conceptos e procedementos moi sinxelos (cálculo mental, de sumas e restas, descomposición do número, escritura de sílabas directas e palabras sinxelas, táboas de multiplicar, ...). Cando a tarefa é mais complexa (resolución de problemas, razoamento matemático, expresión de ideas, relatos de feitos,...) as dificultades son notables. Neste caso ademais, rexeita insistentemente dita actividade e precisa dunha axuda importante por parte do adulto que agradece con xestos afectivos.

As súas competencias actuais están limitadas polas características descritas anteriormente.

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

Parece necesario e importante para o benestar do alumno e da comunidade educativa ter en conta algúns aspectos para o comezo do próximo curso, aínda que estes se poderían flexibilizar e modificar co paso do tempo e sen cambios demasiado bruscos.

- Manter o taboleiro de planificación de actividades diarias, tendo en conta o seguinte ritmo: chegada a aula, planificación, realización dalgunha tarefa de carácter máis lúdico do seu interese (debuxo, xogo de atención, xogos de multiplicacións, ximnasio, paseo polo patio...), realización de tarefa curricular, tempo de ordenador (onde el pode escoller). Merenda, patio. Volta a aula, actividade curricular e tempo de ordenador. Na área de inglés despois de facer a tarefa curricular tamén podería volver ao ordenador.
- Facer uso diario da axenda para a comunicación diaria coa familia.
- Ter un espazo de relaxación cunha colchoneta e algún coxín onde poda deitarse se chega o caso de necesitalo. Antes de contar con este espazo metíase debaixo dunha mesa co risco de tirala.
- Determinar un perchero, marcado co seu moneco, que sexa de uso exclusivo. De non ser así podería ter conflitos cos seus compañeiros/as que poñan nel a súa roupa.
- Poñelo nunha mesa con compañeiros e compañeiras que o acepten e teñan certa tolerancia cando se vexa atraído por algún obxecto da propiedade deles.
- Poñer en segundo lugar o desenvolvemento de contidos curriculares, buscando o principio unha boa adaptación ás novas persoas e ás novas condicións do seguinte curso.
- Manter un equilibrio entre satisfacer as súas necesidades e os límites e as normas da aula e escola, a relación require de certa flexibilidade.
- Ter en conta a importancia de que o alumno estea sempre acompañado por un profesor ou profesora, nunca deixalo a cargo soamente do profesor de área. Os momentos de crise son imprevisibles e poden poñer en risco a súa seguridade e a seguridade do resto dos compañeiros.
- Manter cerradas tódalas portas exteriores do centro escolar unha vez de comezo a xornada escolar para evitar que o alumno, nun momento de crise, saia correndo do centro e pódase mancar ou provocar algún dano.
- Procurar que as sesións de Educación Física sexan na última sesión da mañá. Nesta área soe desencadear emocións importantes de enfado e frustración difíciles de controlar que permanecen durante tempo, xerando unha hipersensibilidade ante calquera estímulo pouco agradable. O permanecer no colexio, aparecen moitas situacións de conflito que se poden evitar si despois desa clase de Educación Física marcha para a casa.
- Conseguir un alto nivel de coordinación e colaboración coa familia para resolver favorablemente todos os momentos de crise con éxito.

- Acordar coa familia a chegada o centro 15 ou 20 minutos despois do comezo da xornada para evitar conflitos nas filas de entrada e comezar a xornada dun modo mais ordenado.

MEMORIA ANUAL DAS MESTRAS DE AL

INTRODUCCIÓN

No presente curso, contouse con dúas especialistas en Audición e Linguaxe. Unha delas con carácter definitivo e outra de atención preferente a unha alumna que cursa 3º curso de Educación Primaria.

Ao final do curso escolar, e tomando como fonte os informes de apoio de fin de curso de cada alumna/o, o profesorado de apoio elabora unha memoria na que se inclúen os aspectos especificados na Orde do 8 de Setembro de 2021. A continuación preséntanse as memorias das mestras de AL:

MEMORIA MESTRA AL DEFINITIVA

ALUMNADO ATENDIDO

Trabállase directamente cun total de seis alumnos.

P: (alumno de 5º EP) Adaptación Curricular. NEE asociadas a discapacidade.

S: (alumna de 4º EP) atraso psicomotor leve e hiperlaxitude. TDHA con comorbilidade ansiosa. NEE asociadas a discapacidade.

M: (alumno de 1º EP) atraso madurativo con maior afectación na comprensión e nas habilidades sociais. NEE asociadas a discapacidade.

E: (alumna de 4º de EI) hipoacusia bilateral severa. NEE asociadas a discapacidade.

AM (alumna de 4º EI) Trastorno da iteración social e da comunicación, proceso que se asocia con alteracións na iteración social e atraso da linguaxe compatible co trastorno do espectro autista.

O (alumno de 4º EI) Trastorno da iteración social e da comunicación, proceso que se asocia con alteracións na iteración social e atraso da linguaxe compatible co trastorno do espectro autista. Este alumno recibiu atención durante o 1º e 2º trimestre posto que cambiou de centro escolar ao inicio do 3º.

Valoración dunha alumna de primeiro de primaria por petición da familia, non se lle deu atención por carecer de horas libres.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

As coordinacións cos titores/as dos alumnos/as que reciben apoio de AL foron fluídas, dependendo de cada alumno/a foron semanais, quincenais ou trimestrais.

Tamén houbo coordinación cos servizos externos, tanto presenciais como telefónicas, e cas familias.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

As actuacións desenvoltas foron encamiñadas a acadar o obxectivo de desenvolver ao máximo as capacidades comunicativas e lingüísticas de cada un dos alumnos que foron intervidos pola mestra de audición e linguaxe, tal e como se estableceu dende o DO, para chegar a empregar a linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

Ademais:

- Estimular a comunicación con imaxes e xestos para apoio da linguaxe oral.
- Iniciar o proceso de lecto-escritura.
- Desenvolver hábitos de escoita e atención.
- Favorecer a comunicación en todos os contextos.
- Desenvolver habilidades comunicativas que favorecen a relación social.
- Desenvolver habilidades sociais necesarias para a interaccións cos iguais.
- Articular correctamente as palabras do vocabulario propio da súa idade.
- Ampliar o vocabulario.
- Construír frases estruturalmente adecuadas.
- Favorecer a participación no centro de tódolos alumnos/as.
- Detectar alumnos/as con dificultades de expresión e comprensión oral en colaboración cos titores/as.
- Realizar os apoios individualizados estimados oportunos dende o DO.
- Colaborar na valoración, diagnóstico, revisión e avaliación dos alumnos/as que o precisen.

METODOLOXÍA EMPREGADA

Seguiuse un ensino gradual traballando a repetición, a consolidación e o recordo do xa apreso. A metodoloxía foi flexible, activa, lúdica e individualizada, respectando as necesidades e ritmos de cada alumno/a en todo o posible; partindo da súa avaliación psicopedagóxica e os seus intereses (canciós, o rural, súper heroes ...). Procuramos sempre reforzar inmediatamente os éxitos a través do reforzo positivo para mantelos motivados.

Cos alumnos P e M empregouse unha metodoloxía TEACCH, estruturada e baseada en

tarefas curtas, adaptación do material e elaboración do mesmo partindo das súas necesidades.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

En liñas xerais, P (5º de EP) evolucionou moito no uso do SAAC. Mostra intención comunicativa e unha boa comprensión do que se lle di. A mellora das posibilidades comunicativas incidiu na mellora da conduta.

S: (4º de EP) experimentou avances na adquisición do proceso lectoescritor, na actualidade e quen de ler textos sinxelos.

M: (1º de EP) experimentou avances pero persiste a afectación na comprensión o que incide nas interaccións sociais.

E: (4º de EI) experimentou avances na expresión oral que facilitan a comprensión do que di.

AM (4º de EI) experimentou grandes avances na expresión oral pero segue a mostrar dificultades na comprensión.

O (4º de EI) no momento que rematou a escolarización no centro lograra pequenos avances como sinalar, fixar máis a ollada ...

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

Atendéronse directamente a seis alumnos/as, dos cales un marchou no último trimestre por motivos familiares. Ao longo do curso adquiriuse: xoguetes de xogo simbólico...

Para mellorar a atención dos alumnos sería recomendable seguir coa adquisición de material simbólico e realizar xornadas de formación para o profesorado do centro sobre os diferentes SAACs (ENESO VERBO, GRID 3).

MEMORIA MESTRA AL PREFERENTE

A memoria da mestra de AL de atención preferente para unha alumna de 3º de educación primaria que presenta Síndrome de Rett estrutúrase do seguinte xeito:

ALUMNADO ATENDIDO

A mestra especialista en AL de atención preferente para unha alumna de 3º de educación primaria que presenta síndrome de Rett tamén se atende a 3 alumnos máis debido ás altas necesidades presentes no centro.

- Alumna de 3º de educación primaria con síndrome de Rett (10 sesións á semana). Traballo baseado na adaptación curricular da alumna e nun plan de traballo individualizado elaborado para o presente curso académico.

- Alumno de 2º de educación primaria con Trastorno do Espectro Autista (4 sesións á semana). Traballo baseado nun plan de traballo individualizado elaborado para o presente curso académico.
- Alumna de 1º de educación primaria con Trastorno do Espectro Autista (4 sesións á semana). Traballo baseado nun plan de traballo individualizado elaborado para o presente curso académico.
- Alumna de 5º de educación infantil con Trastorno do Espectro Autista (4 sesións á semana). Traballo baseado nun plan de traballo individualizado elaborado para o presente curso académico.

VALORACIÓN DA COORDINACIÓN CO PROFESORADO

Traballouse en coordinación co DO e con todo o equipo docente do alumnado que recibía sesións de AL, co fin de poder facer un mellor seguimento dos mesmos, e apreciar as súas progresións, e que as accións levadas a cabo nas sesións non sexan illadas, senón que teñan continuidade no resto das materias e na aula de referencia. Sempre que foi preciso ou que as familias así o requirían, realizáronse reunións con elas así como con axentes externos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado co que se traballa.

OBXECTIVOS PLANTEXADOS

Traballáronse os obxectivos propostos nas adaptacións curriculares e nos plans de traballo individualizados para cada un dos alumnos e alumnas en base ás distintas áreas de desenvolvemento.

No caso da alumna de atención preferente, os obxectivos principais consisten en desenvolver a capacidade comunicativa funcional da alumna a través dun sistema alternativo de comunicación co software Grid 3, favorecendo o seu desenvolvemento cognitivo, proporcionando unha base para o desenvolvemento da alfabetización e mellorando a súa comunicación social.

O obxectivo final é que alumna sexa máis autónoma a través da súa comunicación e polo tanto poder mellorar a súa calidade de vida. Ademais disto e debido ás súas características, búscase en todo momento diminuír o malestar físico e a irritabilidade e maximizar a función motora.

Un obxectivo moi importante é o de concienciar ao resto da comunidade educativa sobre o potencial comunicativo da alumna e defender o seu dereito á comunicación.

Co alumnado TEA os obxectivos xerais da intervención foron: mellorar a súa competencia comunicativo-lingüística, traballando as bases da interacción e da comunicación verbal e non verbal; mellorar a comprensión da contorna que os rodea, traballando a aceptación e flexibilidade ante os cambios e o descoñecido, mellorando as transicións e aprendendo estratexias de autocontrol; favorecer a interacción e socialización cos iguais; incrementar os tempos de atención; modificar condutas inadaptadas; gañar autonomía persoal, adaptación ás rutinas da escola, e mellorar as habilidades académicas, usando instrucións alternativas ás verbais e apoios visuais.

Neste apartado é necesario destacar que a alumna de 5º de educación infantil con TEA case non presenta linguaxe oral, polo que ademais de todo o exposto con anterioridade, outro obxectivo moi importante foi o de empregar un sistema alternativo de comunicación a través do software Grid 3.

METODOLOXÍA EMPREGADA

A nivel de centro empregouse unha metodoloxía participativa, establecendo un rexistro para recoller a información máis importante recollida nas reunións, empregando unha linguaxe accesible e sinxela para o profesorado e as familias, mantendo sempre unha actitude positiva, flexible e cooperativa.

En canto ó traballo específico de AL tivéronse en conta as seguintes orientacións metodolóxicas: pártese dunha avaliación inicial para formular un traballo personalizado e axustado ás posibilidades, necesidades, curiosidades e coñecementos previos do alumnado, partindo da zoa de desenvolvemento próximo. Establécense unha serie de obxectivos e contidos relevantes e funcionais para o alumnado, que se traballan a través de actividades globalizadoras, variadas e lúdicas que parten dos centros de interese do alumnado e que estean relacionadas cos proxectos que se están levando a cabo no centro.

As intervencións realízanse en espazos organizados nos que o alumnado atópase nun ambiente comfortable. Intervense cun modelo de linguaxe correcta en todas as dimensións, empregando, de ser preciso, apoios visuais, verbais, táctiles..., que se van retirando de maneira progresiva. Desenvólvense técnicas de ensino accidental, aproveitando situacións non provocadas, para xerar aprendizaxes, usando técnicas motivacionais e reforzadores naturais. Dáselle prioridade á comunicación e interacción social e á funcionalidade da linguaxe, empregando as tecnoloxías da aprendizaxe e da comunicación.

De forma xeral o alumnado participa de forma activa no seu proceso de ensino aprendizaxe, baseándose no traballo lúdico e con estratexias de cara a mellorar a interacción, a comunicación e a autonomía persoal, entre outras.

Traballouse en coordinación co DO e con todo o equipo docente do alumnado que recibía sesións de AL, co fin de poder facer un mellor seguimento dos mesmos, e apreciar as súas

progresións, e que as accións levadas a cabo nas sesións non sexan illadas, senón que teñan continuidade no resto das materias e na aula de referencia. Sempre que foi preciso ou que as familias así o requirían, realizáronse reunións con elas así como con axentes externos implicados no proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado co que se traballa.

VALORACIÓN DA REPERCUSIÓN DAS MEDIDAS DE APOIO

Considero que aínda que non se acadaron todos os obxectivos plantexados para este curso, a repercusión das medidas de apoio no alumnado co que traballei foi positiva. Como se expón no apartado de propostas de mellora, esta repercusión sería maior se os catro alumnos tiveran máis sesións de apoio, pero debido o gran número de necesidades que hai neste centro, isto é moi complicado.

PREVISIÓN PARA O SEGUINTE CURSO E PROPOSTAS DE MELLORA

A valoración da actividade docente, en liñas xerais, é positiva. Destácase a colaboración coas familias e cos mestres e mestras implicados no proceso de ensinanza aprendizaxe do alumnado co que se traballou.

Como proposta de mellora, bótase en falta ter dentro do horario das mestras sesións dedicadas a coordinación e o intercambio de información co profesorado implicado no proceso do alumnado co que se traballa.

Outra das dificultades atopadas foi que o centro non conta con todos os recursos materiais cos que debería contar, inclúo os materiais propios da especialidade de AL, que son moi escasos. Aconséllase aumentar estes materiais tendo en conta as características e necesidades específicas do alumnado que se apoia.

A pesar de que a praza de AL de atención preferente se solicitou polas necesidades educativas que presenta esta alumna, o centro educativo conta con moitas outras necesidades polo que tan so se está atendendo a esta alumna durante 10 sesións semanais, máis 5 horas que conta co apoio da mestra de PT. Ademais disto, considero que esta alumna debería ter unha coidadora a tempo completo con ela e agora mesmo está sendo atendida pola coidadora do centro que tamén atende a outros alumnos. Tendo en conta o número de alumnos e alumnas por aula (25), sería necesaria unha mestra de apoio permanente que poida modelar no comunicador todo o que acontece no entorno da alumna.

Ademais disto, sería preciso dispoñer dunha coidadora a tempo completo para atender as necesidades físicas da alumna, como cambio de posturas, cambio de cueiros por non control de esfínteres, dar comida, entre outros. Debemos ser conscientes de que esta alumna non controla ningún dos seus movementos, polo que alguén tería que estar pendente das súas necesidades en todo momento. Ademais de todo isto, a alumna cada vez está crecendo e

pesando máis, a pesar de contar coa axuda da grúa, moitos cambios posturais hainos que facer manualmente entre dúas persoas, por exemplo o paso ao bipedestador.

Aproveito este apartado para recordar que durante o curso 2020/2021 solicitouse ao EOE unha licenza do software Grid 3 para poder preparar taboleiros de comunicación e adaptar material de traballo. Este recurso aínda non chegou ao centro, así que considero oportuno que se continúe solicitando ao EOE este recurso. Para o próximo curso sería necesario solicitar un soporte de pé para o comunicador, xa que cando a alumna está sentada na cadeira "Tomato", ou cando a alumna está en posición de bipedestación, é moi complicado que poida empregar o seu comunicador sen este soporte de pé que solicitamos.

Con respecto aos espazos do edificio, no centro hai dúas mestras de Audición e Linguaxe e só unha aula para poder atender de xeito individual ao alumnado con necesidades educativas no ámbito comunicativo e lingüístico. Sería necesario adaptar outro espazo para que cada unha das mestras de AL tivera un espazo comfortable e tranquilo no que poder traballar a nivel individual co seu alumnado. Tamén sería necesario ampliar o espazo onde se cambia ao alumnado con NEE, xa que este é moi reducido para poder traballar, tendo en conta que hai que meter, grúa, cadeira de rodas, etc.

É preciso continuar o difícil traballo de facer consciente ao entorno das necesidades non só educativas da alumna e facerlles comprender que non debemos subestimar a súa capacidade cognitiva, debendo sempre evitar falar en terceira persoa da alumna cando estea presente, porque aínda que non sempre teña capacidade comunicativa, isto non quere dicir que non teña capacidade comprensiva, porque hai que ter moi presente que a incapacidade para a aprendizaxe, pode vir derivada da falta de oportunidades para comunicarse. É por isto que tamén se considera que máis membros da comunidade educativa deberían recoñecer os sinais de intento de comunicación da alumna.

Con respecto aos tres alumnos con TEA cos que traballo, tendo en conta as súas características e que se atopan en grupos de 25 alumnos e alumnas, considero que deberían ter máis apoio das mestras de AL e PT, intentando solicitar incluso unha mestra de atención preferente para cada un deles.

Debido ás numerosas necesidades educativas que hai neste centro, considero necesario que o claustro siga realizando formación permanente do profesorado en materia de atención á diversidade, en especial en canto a atención de alumnado TEA e coñecemento de sistemas alternativos de comunicación, xa que no centro hai tres alumnos que se comunican e desenvolven a súa actividade académica con estes sistemas.

Asdo.: Departamento de Orientación

Verónica Fernández Vázquez Xefa do departamento de Orientación	Clara Rodríguez Arias (PT Definitiva)
Noemí Fouz Otero substituta de Alba M ^a Trabado Capón (PT Provisional)	Dolores Armas Vázquez substituta de Ana Rielo Tellado (PT Preferente)
Sabela Fernández Torres (PT de atención Preferente)	Begoña Álvarez Calvo (AL Definitiva)
M ^a José Pérez González (AL de atención Preferente)	

13- RELACIÓNS COA COMUNIDADE ESCOLAR

A dirección do centro mantivo sempre contacto coa comunidade escolar.

Coa A.N.P.A. e a súa Presidencia mantívose contacto constante para comentar aspectos do desenvolvemento do centro.

Os representantes dos pais/nais no Consello Escolar, así como o representante do Concello e do persoal de administración e servizos, mantiveron relacións co centro dando as súas opinións, ofrecendo os seus puntos de vista, apoiando as suxerencias do Claustro e preocupándose dos contactos necesarios para mellorar as instalacións e demais problemas do Colexio.

A relación é cordial e a dirección admite que hai melloras que facer no centro que, polo momento non somos capaces de abordar e que se continúa a dar traslado destas tanto á xefatura territorial como ao concello de Lugo.

14- AVALIACIÓN

Seguiuse en todo momento o marcado na P.X.A. Non habendo modificacións que salientan agás as relativas a saídas extraescolares que non se puideron realizar algunhas e foron substituídas polas que se relaciónan no apartado 9.2.

15- APARTADO ECONÓMICO

Hai que sinalar que a dotación económica da Consellería non é suficiente para facer fronte a tódolos gastos. Este ano grazas a colaboración do profesorado continúa en marxes razoables o gasto en fotocopias, o consumo de papel do colexio está nos 100000 folios/ano, aínda así tódolos meses continuamos cun gasto de impresión a cor respecto do b/n de máis do dobre.

16- ANEXO I PLAMBE 22/23 - LIÑAS DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DE BIBLIOTECA PARA O CURSO 2023/2024

- Ampliar a adquisición de fondos bibliográficos naqueles campos nos que haxa máis demanda ou se detectan máis carencias.
- Continuar co expurgo.
- Subscricións á publicacións en papel ou formato dixital.
- Ampliar a difusión n outras redes sociais.
- Crear actividades que favorezan as aprendizaxes do alumnado.
- Proseguir con propostas de proxectos ou traballos interdisciplinarias impulsados desde a biblioteca que favorezan o traballo en equipo ou fomentar o uso da mesma en proxectos do centro.
- Potenciar a participación das familias.

- Un tríptico trimestral con recomendacións de lectura para todos os niveis.
- Guías de lectura ou páxinas web de consulta para os proxectos específicos.
- Difusión de libros ou coleccións así como das novas adquisicións.
- Talleres de contacontos do alumnado de 5º e 6º, podendo ampliarse a 4º se houbera demanda.
- Talleres de gramática.
- Talleres de creación de contos e cómics.
- Xogamos coas adiviñas.
- Lendo textos ilexibles.
- Talleres de poesía e recitado.
- Manexo de programas de creación de contos, cómics,...
- Uso de enciclopedias electrónicas, páxinas web da REA e RAG,...
- Mobilizar e informar, a biblioteca pódese e débese usar .
- Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI.
- Ofertar os recursos tecnolóxicos ao alumnado que o precise .
- Difundir recursos e contidos a través dos blogs e webs (lectura, ALFIN, AMI, radio, creación...), respectando os dereitos de autoría e a protección de datos.

17- ANEXO III Memoria anual do equipo de biblioteca

INTRODUCCIÓN

Pechamos un ciclo e dámos paso a novas ideas e proxectos que partirán do traballo realizado e facilitará unha nova andaina.

6 Anos de PLAMBE atendendo ás diferentes necesidades de cada un dos niveis educativos, proporcionando máis materiais e fondos, ampliando o espazo físico, ... foron obxectivos e seguen como incentivo para seguir mellorando.

A compensación de desigualdades socioculturais e económicas de orixe do noso alumnado mantense como obxectivo fundamental (familias de distintas procedencias: Siria, Romanía, Marrocos, Ucraína...) e impúlsanos a traballar máis pola igualdade.

Conseguir ser un elemento dinamizador nun número significativo de actividades, contribuír á formación multidisciplinar do alumnado, ofrecer un espazo físico versátil foron e serán elementos claves de funcionamento.

Demos un paso máis na consecución dunha Biblioteca inclusiva e igualitaria cun investimento en novos fondos adaptados, xogos diversos, material multisensorial e manipulativo.

A biblioteca escolar é o espazo no que lemos, nos informamos, investigamos, aprendemos e tamén desfrutamos.

1 GRAO DE CUMPRIMENTO DOS OBXECTIVOS

En liñas xerais, cumpríronse os obxectivos marcados no proxecto inicial e puidemos incluír algúns que non estaban previstos .

1.1 Organización e xestión

Contamos cun total de 8 horas semanais (5h pola encargada e 2h e 1 h para dúas das colaboradoras). Seguimos contando con profesorado de diferentes niveis e materias co fin de representar ao amplo conxunto do alumnado.

O blog continúa servindo como difusor das actividades realizadas, información das novas adquisicións, fondos por temáticas e como referente motivador para o alumnado participante.

1.2 Dinamización e promoción dos recursos e a súa contribución á adquisición das competencias claves do alumnado

Valorando a dinamización pola cantidade de usuarios que a utilizan, falamos positivamente de seguir contando con máis usuarios e máis diversos. O Equipo dá

difusión a novos fondos, aos existentes, a coleccións temáticas... co fin de que teñan vida e movemento, sobre todo os de consulta e divulgación nos diferentes proxectos anuais. O alumnado realizou un uso máis diversificado: libros, revistas, recuncho de teatro, artes, ...Por outro lado os xogos matemáticos, música, internet e talleres.

1.3 Formación de usuarios e educación para o acceso á información

Realizouse no mes de outubro con actividades para realizar na hora programada para cada grupo en sesións de 30 minutos por aula.

Participamos nos encontros de Bibliotecas Escolares ofertados: volver a estar en directo e todos xuntos foi motivador e normalizador.

1.4 Deseños de espazos, recursos e actividades axeitadas ás necesidades do alumnado do noso centro

Obxectivo cumprido na medida en que se renovaron, adaptaron e actualizaron.

1.5 Integrar a tecnoloxía na recollida e tratamento da información

As novas tecnoloxías seguen a ter presenza material e impulsan ou coordinaron actividades, proxectos, traballos, conmemoracións,.. Dotamos de novos equipos para adaptarse as necesidades do alumnado.

1.6 Informatizar os fondos

O labor de rexistro e etiquetado continúa sendo a través do programa Meiga agardando que contem con nós nun futuro para a actualización ao novo sistema de xestión de biblioteca con Koha.

1.7 Organizar e continuar a formación de usuarios

Unha información adaptada, diversas actividades puntuais, sesións formativas de 30 minutos por curso no mes de outubro e a colaboración dos titores na hora asignada a cada grupo.

1.8 Manter un orzamento específico para a biblioteca

O orzamento permite seguir actualizando fondos, colaborar en proxectos, traer contacontos,...

1.9 Revisar o regulamento da biblioteca escolar con normas de: uso, procedementos, tempos de utilización e préstamos

Elaboración de horarios:

- Uso da biblioteca cunha hora semanal para cada titoría, disposición de horas de uso libre (realizando reserva previas)
- As actividades mensuais na hora de lecer para dar opcións a todos os usuarios de poder acceder a elas.

1.10 Diseñar e actualizar a imaxe da biblioteca na rede

O blog da biblioteca : <http://ailladotesourobiblioillaverde.blogspot.com/> actualízase de forma puntual segundo se realizan actividades co fin de difundilas a toda a comunidade escolar .Neste curso comezouse a utilizar outros medios de difusión: a propia páxina web do centro e Instagram onde a biblioteca colabora co resto do profesorado e dos equipos docentes.

1.11 Facer da biblioteca o elemento impulsor das actividades de promoción da lectura (no PL) e na planificación das actividades extraescolares e complementarias

Contacontos , teatro, creación poética, elaboración de guías de recomendacións de lectura e actividades interdisciplinarios: conmemoración do Samaín, A nena e a muller na ciencia, Día da muller traballadora, Día do Libro e Día das Letras Galegas, resultan elementos impulsores das actividades de promoción da lectura levadas a cabo na mesma biblioteca ou arredor dela.

1.12 Proporcionar apoio e impulso ao cambio educativo Crear e consolidar os hábitos de consulta e manexo de información

Apoiamos o desenvolvemento de actividades desenvolvidas dende os cursos, niveis, ciclos, departamentos, ou de calquera que tivera interese en impulsar un proxecto que supuxese unha mellora educativa para os participantes.

1.13.- Fondos documentais (impresos e multimedia)

Ampliouse de xeito considerable o fondo de” Educación Infantil, Igualdade” (a través de fondos específicos) e “Inclusión”, atendendo aos diferentes niveis, diversidade de alumnado, igualdade, violencia de xénero, ...

Publicitáronse as novas adquisicións directamente por difusión oral, a través do blog e con exposicións na entrada do colexio ou na Biblioteca.

1.14 Consolidar unha hemeroteca e mellorar a difusión de publicacións

A hemeroteca segue a incrementarse en función, principalmente, aos cambios necesarios para adaptarse ás novas condicións e tamén, ás que nos poden afectar nun futuro (E-LBE 2).

1.15.- Promover a animación á lectura

Consideramos que este obxectivo sigue acadando un nivel moi satisfactorio e cunha resposta moi positiva por parte da comunidade educativa. O promedio de préstamos cuns aproximadamente 4.000 volumes sen contar os libros ou revistas dixitais, o contido das mochilas viaxeiras nin os libros que se usaron na Hora de lectura .

Trípticos con lecturas recomendadas para as distintas etapas educativas e para as familias (adultos) . Colgáronse no blog.

No noso centro levouse a cabo actividades de lectura compartida nas aulas, representacións teatrais, recitais de poesía, contacontos...

2 HORARIO REAL ASIGNADO Á RESPONSABLE E AO EQUIPO DE BIBLIOTECA

Equipo de biblioteca	
Marta Moreira Graña, Ana M ^a Méndez	E. INFANTIL
Paula Bermúdez, Olaya López	E. INFANTIL
Begoña Álvarez ,	A. LINGUAXE ORIENTACIÓN
Javier García	2º NIVEL
Verónica Fdez	ORIENTADORA
Norma Blanco	1º Ciclo
Begoña Fdez, María Ferreiro, Montse Payo	3º NIVEL: 3 horas
Isabel Silva Castro	MÚSICA
Mercedes Fernández García	COORDINADORA: 5 horas

3 ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS

3.1 PRÉSTAMO

Consolídanse os hábitos lectores e o gusto por leer libros de diferentes tipos.

Os préstamos fanse por quince días renovables polo mesmo período se fose necesario. Dende abril o préstamo volveu a ser manual por mor dos erros que aparecen de xeito continuado.

3.2 PROXECTOS-ACTIVIDADES

- Programación de actividades mensuais (Contos, lectura libre, Samaín, ...
Quendas do alumnado voluntario colaborador da biblioteca.

- Visionado de curtas (este curso nas aulas): día da paz, sobre bulling, día da muller, curtas de produción propia.

- Tríptico recomendacións de lectura.

- Participación en concursos da biblioteca pública, diversos certames de debuxo e pintura.

- Mochilas viaxeiras en primaria e E. Infantil.

- Exposicións de adquisicións.

- Colaboración en proxectos de centro como ciencia, Muller traballadora, A Auga, A prehistoria.

- Día do Libro: Contando contos aos máis pequenos. Talleres con Ana Meilán, escritora.

- Día das letras galegas: Teatro polo patio. Contos e cantos de Lareira. Antía Yáñez, charla e coloquio.

- Elaboración de murais.

4.- AVALIACIÓN

Está considerada un espazo de uso común valorado grazas á súa versatilidade, o que multiplica o seu uso como escenario de diversas actividades durante curso.

Dos obxectivos marcados consideramos que gran parte deles foron acadados. A biblioteca na actualidade comeza a estar renovada desde o punto de vista material, tecnolóxico e cunha dinámica de traballo xa implantada que permite unha implicación progresiva da maioría do profesorado novo que vai formando ano a ano o novo claustro.

5.- PREVISIÓNS DE FUTURO

- Completar fondos bibliográficos naqueles campos nos que se detectan máis carencias: Educación Infantil, Lingua inglesa, artes,

- Novo mobiliario adaptado.
- Subscricións a publicacións en papel ou formato dixital.
- Optimizar o uso do blog e uso de Instagram.
- Crear actividades que favorezan as aprendizaxes do alumnado.
- Proseguir con propostas de proxectos ou traballos interdisciplinarios.
- Potenciar a participación das familias.
- Un tríptico trimestral con recomendacións de lectura para todos os niveis.
- Difusión de libros ou coleccións así como das novas adquisicións.
- Promoción da lectura en soportes informáticos.
- Talleres de contacontos, gramática, de creación de contos e cómics.
- Xogamos coas adiviñas e Lendo textos ilexibles.
- Talleres de poesía e recitado.
- Uso de páxinas web relacionadas co mundo da literatura e do conto: bibliotecas virtuais, Galicia le, REDIB, blog do centro,...
- Uso de enciclopedias electrónicas, páxinas web da REA e RAG,...
- Comezar ca plataforma E-LBE2 Uso do libro electrónico.
- Mobilizar e informar, a biblioteca pódese e débese usar .
- Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI.
- Ofertar os recursos tecnolóxicos ao alumnado que o precise .
- Difundir recursos e contidos a través dos blogs e webs (lectura, ALFIN, AMI, radio, creación...), respectando os dereitos de autoría e a protección de datos.

Relación de libros de texto Infantil para o curso 2023/2024

Centro: CEIP “Illa Verde”	Código: 27016728
Localidade: Lugo	Provincia: Lugo

Educación Infantil 3 anos. - Grupos A/ B

Área	Autor	Título	Editorial	Ano publi	ISBN	Lingua da edición
Global	Dolors Todolí Bofi Laura Jiménez Quinto	Malvados de cuento	Edelvives	2014	9788426391872	Castelán

Educación infantil 4 anos .- Grupos A/B

Área	Autor	Título	Editorial	Ano publ	ISBN	Lingua da edición
Global	M Dolores Campuzano Valiente	Flocos de millo (4 anos primeiro trimestre)	Xerais	2018	9788491213468	Galega
Lectoescritura	Teresa Grence Ruíz	Lecto + (nivel 1)	Santillana	2020	9788468058221	Castelán

Educación infantil 5 anos .- Grupos A/B

Área	Autor	Título	Editorial	Ano publi	ISBN	Lingua da edición
Global	Mar Calzado Roldán	Que contas (nivel 3, 5 anos)	Tambre Edelvives	2018	9788490462850	Galega

Relación de libros de texto primaria para o curso

2023/2024

Centro: CEIP “Illa Verde”	Código: 27016728
Localidade: Lugo	Provincia: Lugo

Primeiro de Educación Primaria

Área	Título	Editorial	Ano publ	ISBN	Lingua da Edición
Globalizado	CINCO EN RAIA - Situacións de aprendizaxe integradas	Santillana Obradoiro	2022	9788491855354	Galega
Relixión Católica	Relixión Católica 1	Anaya	2022	9788469897188	Castelán
EA Música	Música Melodía 1 (Galego)	GaliNova	2021	9788497372220	Galego
Inglés	Kids can! 1 Pupil's book	MC Millan	2022	97813800516600	Inglés

Segundo de Educación Primaria

Área	Título	Editorial	Ano publ	ISBN	Lingua da Edición
Globalizado	CINCO EN RAIA (Situacións de aprendizaxe integradas)	Obradoiro Santillana	2023	9788491857068	Galego
Relixión	Relixión Católica 2	Anaya	2022	9788469897225	Castelán
EA Música	Música Melodía 2 (Galego)	GaliNova	2019	9788497372381	Galego
Inglés	Kids can! 2 Pupil's book	MCMillan	2022	9781380051790	Inglés

Terceiro de Educación Primaria

Área	Título	Editorial	Ano publ	ISBN	Lingua da edición
Matemáticas	Construyendo mundos. Mochila ligera	Santillana	2022	9788468071367	Castelá
Lengua C.	<u>Construyendo mundos. Mochila ligera</u>	Santillana	2022	9788468072012	Castelá
Lingua G.	Construíndo mundos	Santillana	2022	9788491854098	Galega
CC Natureza	Construíndo mundos	Santillana	2022	9788491854104	Galega
CC Sociais	Construíndo mundos	Santillana	2022	9788491854166	Galega
*Relixión	*Relixión Católica 3	Anaya	2022	9788414301838	Galega
*Proxecto competencial (valores)	*Nivel II. Escola responsable	Santillana	2022	9788491851349	Galega
*Plástica	*Operación mundo	Anaya	2022	9788414316191	Galego
Música	Música Melodía	Galinova	2019	9788497372237	Galego
Inglés	KIDS CAN! 3 Pb e Pk	Macmillan	2022	9781380072863	Inglés
	KIDS CAN! 3 Ab&Extrafun e Pk	Macmillan	2022	9781380052872	Inglés

*Non mercar ata falar co titor/a do próximo curso.

**Non mercar ata falar co profesor de inglés do próximo curso.

T

ercei

ro de

Educ

Cuarto de Educación Primaria

Área	Título	Editorial	Ano publ	ISBN	Lingua da edición
Lengua C.	4PRI LENGUA Construyendo mundos	Santillana	2023	978-84-144-0738-7	Castelá
Lingua G.	4PRI LINGUA <u>Construíndo mundos</u>	Obradoiro	2023	978-84-9185-705-1	Galega
Matemáticas	4PRI MATEMÁTICAS Construyendo mundos	Santillana	2023	978-84-144-0769-1	Castelá
CC Natureza	4PRI CC DA NATUREZA Construíndo mundos	Obradoiro	2023	978-84-9185-692-4	Galega
CC Sociais	4PRI CC SOCIAIS Construíndo mundos	Obradoiro	2023	978-84-9185-698-6	Galega
Inglés	KIDS CAN! 4 Pbe Pk (Pupil's Book)	Macmillan	2022	9781380072870	Inglés
Música	Música Melodía 4	Galinova	2018	9788497372398	Galego
*Relixión	* 4 Relixión Católica	Anaya	2023	9788414321706	Galego

***Non mercar ata falar co titor/a do próximo curso.**

****Non mercar ata falar co profesor de inglés do próximo curso.**

Quinto de Educación Primaria

Programa E-DIXGAL

Sexto de Educación Primaria

Programa E-DIXGAL

Resumo das propostas de mellora solicitadas polos distintos equipos e de cara a previsión de obxectivos do vindeiro curso:

Equipo de Educación Infantil
<ul style="list-style-type: none"> • Arranxo do valado que delimita o horto do edificio anexo.
<ul style="list-style-type: none"> • Mover a area dos areeiros e poñer máis, poñer unha canasta e outros xogos de patio para que o alumnado teña diferentes posibilidades de xogo nos patios do anexo e do edificio principal.
<ul style="list-style-type: none"> • Tomar as medidas necesarias para que non entre a auga da choiva nos areeiros do anexo, xa que teñen un bordillo moi baixiño e entra a auga enchoupando a area.
<ul style="list-style-type: none"> • A substitución do chan de corcho da aula de 4º de E.I. A.
<ul style="list-style-type: none"> • Cambiar nas aulas do anexo os armarios empotrados por estanterías con estantes amplios, coma as que hai no edificio principal, con percheiros pola parte de abaixo.
Poñer nos baños de infantil dispensadores de papel hixiénico
<ul style="list-style-type: none"> • Necesidade de máis apoios nas aulas por profesorado especialista ou profesorado con disponibilidad horaria para poder atender as necesidades do alumnado. E consideramos que cando se aprecia que un neno/a ten problemas, que non son debidos a falta de madurez, sexa valorado pola orientadora do centro o antes posible.
<ul style="list-style-type: none"> • Própónse que o horario das mestras de apoio, durante ó período de adaptación do alumnado de tres anos e todo o mes de setembro, se se considera necesario, sexa adicado exclusivamente a apoiar as dúas aulas dese nivel.
<ul style="list-style-type: none"> • Mellorar os canles de coordinación e comunicación entre a Educación Infantil e a Educación Primaria para facilitar o paso do alumnado á nova etapa.
Equipo do 1º ciclo:
Precísanse máis persoal de apoio para estes grupos.
Equipo do 2º ciclo:
<ul style="list-style-type: none"> • Seguir formando a todo o alumnado para que teña unha adecuada competencia dixital e axudar a dotalos do material dixital necesario que non poden ter pola situación persoal.
<ul style="list-style-type: none"> • Continuar mantendo unha estreita coordinación coas familias polos medios que sexan necesarios.
Equipo do 3º ciclo:
<ul style="list-style-type: none"> • Un carro de carga para os computadores Edixgal na aula de 5ºB.
<ul style="list-style-type: none"> • Mudar as cadeiras e as mesas de traballo de 5ºB.
DO:
<ul style="list-style-type: none"> • Tendo en conta o elevado número de alumnado con NEAE escolarizado no noso centro sería moi recomendable seguir organizando cursos de formación para o profesorado. Sobre todo en temas relacionados co alumnado TEA, o alumnado con Trastornos Graves de Comportamento e/ou TDAH e tamén coa formación en SAAC.
<ul style="list-style-type: none"> • Sería interesante incluír unha Escola de Pais e Nais orientada sobre todo á atención dos nenos e nenas con TEA
<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar ao EOE unha licenza do software Grid 3
<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar un soporte de pé para o comunicador
<ul style="list-style-type: none"> •
<ul style="list-style-type: none"> • Solicitar o illamento térmico do edificio